

## A MOEDA ÚNICA: UN CAMPO DE MINAS<sup>1</sup>

ALBERTO RECARTE GARCÍA-ANDRADE

Técnico Comercial do Estado

Vicepresidente Executivo de Centunión

Recibido: 31 maio 1996

Aceptado: 18 decembro 1996

### INTRODUCCIÓN

A ambición dalgúns políticos europeos, entre os que se atopa Felipe González, levoulles a oculta-la razóns, ou parte delas, de por qué queren a moeda única europea. A moeda única é unha decisión política, con efectos económicos potencialmente moi negativos para os países máis débiles e periféricos, como España, que áinda non levaron a cabo reformas en sectores e mercados fundamentais da súa economía. Pola contra, o cumprimento dos principais criterios de converxencia de Maastricht, isto é, a reducción do déficit público, a limitación do endebedamento, o control da inflación, o estreitamento das marxes das taxas de inflación e os tipos de xuros entre os países comunitarios é o único camiño para poder medrar, aumenta-lo emprego e facer posible a propia unión política europea. Deixo fóra da consideración positiva dos criterios de converxencia o mantemento dos tipos de cambio, que é a antesala da moeda única, porque nunca debería ter figurado como un obxectivo de converxencia pois, se se lograra esa estabilidade, sería como consecuencia do cumprimento dos outros obxectivos, e ningún goberno debe —nun pode, afortunadamente— forzar unha paridade determinada, como se demostrou contundentemente na crise do SME do ano 1993, que obrigou a ampliar as bandas de fluctuación das respectivas moedas do 2,5% ó 15% respecto á paridade central acordada no mecanismo de cambios do SME. Ó facer esta afirmación son consciente de que defende-lo axuste de paridades é un portelo aberto para axustar os prezos internos ós internacionais, cando se fracasou no control do crecemento da oferta monetaria polo motivo que sexa; e que a súa simple existencia pode xerar conductas irresponsables no Goberno.

### A MOEDA ÚNICA E OS CRITERIOS DE CONVERXENCIA

#### ¿RAZÓN ECONÓMICAS?

A miña afirmación de que a moeda única é unha decisión política non será aceptada pacificamente polos seus defensores, que utilizan para a súa defensa ar-

<sup>1</sup> Conferencia pronunciada o 31 de maio de 1996 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do ciclo *A Unión Monetaria a debate*, organizado pola Revista Galega de Economía da devandita Facultade.

gumentos moitas veces de contido exclusivamente económico. Os argumentos a favor son, basicamente, dous: a diminución dos custos de transacción e a melloría da propia estabilidade económica na área que se unifica monetariamente, factor evidentemente positivo para o crecemento.

En canto ós custos de transacción, o aforro certo que podería producirse pode valorarse en algo menos do 0,5% do PIB para a Europa comunitaria, porque o volume de transaccións fiduciarias físicas diminuí drasticamente, como consecuencia da xeneralización do uso doutros instrumentos financeiros. Se acaso, pode ser importante en países como Italia, onde o diñeiro negro é voluminoso e en España, pola mesma razón; en calquera caso, non é o argumento fundamental.

O incremento de estabilidade é un argumento máis sólido e obríganos a examinar, brevemente, os mínimos que, segundo os teóricos, debe cumplir unha unión monetaria para ser unha área de estabilidade monetaria óptima. É un exame moi conciso, porque non se cumpren as condicións más importantes. En efecto, a fundamental é que a área que se crea facilite o axuste nos sectores económicos afectados repentinamente por impactos externos de certa magnitude, como foi o do petróleo nos anos setenta e oitenta. E para reaccionar é necesario cumplir outras dúas condicións: a mobilidade xeográfica da man de obra entre os países (ou rexións) da unión monetaria e a existencia dun orzamento supranacional de dimensión suficiente para permitir transferir recursos e subvencións dun país (ou rexión) a outro, de forma que non se produzan situacións extremas de pobreza e depresión nas rexións afectadas.

Nos Estados Unidos, unha área monetaria que pode presumirse óptima, existe mobilidade xeográfica da man de obra; hai enormes despazamentos de poboación en función dos sectores que medran e dos que entran en depresión. Nada disto existe na Europa comunitaria. As diferencias de lingua, de costumes, de ordenamento xurídico son, na actualidade, barreiras infranqueables. Barreiras reforzadas, porque a política rexional comunitaria ten como obxectivo declarado consegui-la igualdade de rendas entre rexións europeas en todo momento, non só no caso de impactos repentinaos. En relación con este tema, a situación española é máis extrema, pois a creación do Estado das Autonomías produciu —ou condicionou— unha parálise migratoria total entre rexións e comunidades; e iso malia a persistencia de taxas de desemprego substancialmente diferentes entre as nosas autonomías.

Esa falta de mobilidade persoal podería paliarse, en parte teoricamente cando menos, coa liberdade de movementos de capitais pero, na práctica, eses movementos non se producen no volume suficiente porque o atractivo que representan os menores salarios nas rexións con máis desemprego —cando existen— vense máis que compensados pola falta das tradicións industriais específicas que pode necesitar unha nova industria e porque a infraestructura é moitas veces inadecuada. Por outra parte, a simple creación de infraestructuras non adoita ser condición suficiente para atraer novos investimentos, como mostra claramente o *mezzogior-*

no italiano e español. Para que poidan desenvolverse novas industrias, de bens ou servicios, fai falta, ademais, tempo, educación, acumulación de capital, un mínimo de densidade de poboación e outras condicións que nunca fomos capaces de describir adecuadamente, nin de ponderar ou medir. Só sabemos que os axustes reais son moi lentos, moi traumáticos e crean graves problemas persoais, políticos e orzamentarios.

En canto á segunda condición, a de contar cun orzamento comunitario o suficientemente grande como para que se poida utilizar transferindo renda dunhas rexións da comunidade a outras, en momentos especialmente difíciles, as alternativas que a súa simple formulación produce son preocupantes. ¿Como se nutriría ese orzamento? ¿Incrementaríase a presión fiscal en tódolos países cun novo imposto? ¿Habería, novamente, diferencias entre os países ricos e pobres á hora de pagar? ¿Estarían dipostos os países que hoxe son contribuíntes netos a aumenta-la súa contribución? No caso improbable de conseguir aumenta-la presión fiscal no ámbito comunitario, ese só feito sería negativo para a Unión Monetaria Europea porque ese é, precisamente, o principal problema da nosa anquilosada Europa: a altísima presión fiscal e o conseguinte (ou antecedente?) exceso de gasto público que afoga o crecemento e non permite o aforro privado nin a creación de emprego.

Na miña opinión, non hai razóns económicas suficientes para xustifica-la apresurada adopción dunha moeda única na Unión Europea. As motivacións son políticas e discutibles.

## **AS MOTIVACIÓNIS POLÍTICAS. OS RISCOS DO RACIONALISMO**

Á marxe das argumentacións económicas é preciso facer unha consideración histórica. O mantemento do valor adquisitivo de calquera moeda, no mundo do papel moeda e do coeficiente de caixa fraccionario, é un valor característico, cando ten lugar, das democracias, na medida en que respectan a independencia e a liberdade dos seus cidadáns, pois ningún goberno está lexitimado, á marxe das leis que aproban os impostos, para modificar —por vía da inflación, monetizando directamente o déficit público ou incorrendo en déficit continuados que incrementan a débeda pública— a distribución da renda e da riqueza que produce a actividade económica.

Dende este punto de vista, a maioría dos economistas e políticos europeos consideran positivo ancora-las súas respectivas moedas no marco alemán e confían en que o modelo de funcionamento do Bundesbank se manteña nun futuro Banco Central Europeo. Sen embargo, apoiarse tanto no marco e nas institucións alemanas pode ser excesivamente arriscado, tanto para Alemaña como para o resto dos países europeos. E iso porque a xenreira á inflación ten raíces propias en Alemaña, pois non en van, neste século, sucesivos gobernos alemáns provocaron, por dúas veces, a desaparición da súa moeda nacional. A fortuna da Alemaña actual é que foi capaz de reaccionar con intelixencia e fortaleza ós consellos dos aliados que,

trala derrota da Segunda Guerra Mundial, querían impoñerlle unha certa planificación económica elixindo, en cambio, unha política económica liberal, deseñada por Ludwig Erhard, respectuosa co mercado, coa liberdade e coa propiedade privada. Pero Alemaña, aceptémolo ou non, é agora cando recuperou a súa plena independencia política e, consecuentemente, económica. Hai a penas seis anos áinda había exércitos estranxeiros no seu territorio. ¿Como é a nova Alemaña? ¿Como vai comportarse ese xigante de 80 millóns de habitantes?

E puxen o exemplo de Alemaña, do país máis virtuoso no monetario da Europa comunitaria nos últimos cincuenta anos, para subliña-la importancia da historia. Dá a impresión de que moitos gobernantes europeos, incapaces de enfrentarse ás súas historias monetarias e ás causas directas dos seus posibles excesos en déficit públicos e crecementos monetarios, pretenden emendar, dunha vez por todas, maxicamente, as limitacións das súas institucións políticas nacionais.

¿É o mellor camiño que tódolos países volvan as costas ás súas propias historias monetarias? ¿Non será, más ben, que algúns países pretenden, ademais, impedir que Alemaña recupere o poder político que lle corresponde por poboación e peso económico? Batalla perdida se é iso o que queren; con ou sen unión monetaria, o peso político de Alemaña multiplicarase no futuro e a moeda única, se non é operativa, desaparecerá.

Emular ou controlar a Alemaña, escapar por unha porta falsa das limitacións nacionais, ou o temor dos alemáns a repetí-la súa propia historia son motivacións politicamente moi fortes. Pero, ¿como podería xustificarse a postura doutros dirixentes europeos, como o español Felipe González? ¿Cren que de verdade se defende mellor a paz europea coa moeda única? ¿Cre o Sr. González que é conveniente economicamente para España?

O temor de moitos, ós cales me sumo, é, pola contra, que a implantación acelerada da moeda única, lonxe de asegurar perpetuamente a paz en Europa, termine por provoca-lo renacemento dos nacionalismos, que acabarían coa actual Unión Europea.

A moeda única, introducida sen asegurar permanentemente o control dos déficit públicos, con institucións políticas radicalmente diferentes entre os países que integran as súas moedas, pode producir graves crises económicas en sectores ou rexións moi localizadas xeograficamente e difficilmente solucionables agás con movementos da poboación e con axudas orzamentarias puntuais, saídas cegadas na Unión Monetaria Europea que se propón.

A nosa tradición histórica, a española, permítenos identifica-lo modelo de unión monetaria que se nos propón como un exercicio de despotismo ilustrado que pretende salva-los cidadáns europeos deles mesmos, para o cal é necesario que nin participen, nin discutan, nin controlen ós seus gobernantes e funcionarios.

Os defensores do actual proxecto consideran impensable, nas actuais circunstancias, un Parlamento europeo elixido por tódolos cidadáns, con poder para no-

mear un Goberno europeo, para aprobar impostos europeos e un orzamento europeo de gastos.

E ese baleiro político europeo pretenden enxuchalo, inxustamente, coa moeda única; e agardan —os que o fan— con fe de carreteiro que a moeda única tire da integración política europea. Pero nin se di explicitamente, nin se discute, nin se quere discutir; por iso, a moeda única preséntase como un obxectivo puramente económico, xustificable en si mesmo; presentánda, incluso, como o mellor acciante para levar a cabo as reformas económicas que permitan cumpri-los desexables criterios de converxencia de Maastricht.

*"A unión política europea farase en torno á moeda única ou non se fará".* Esta frase de J. Rueff citouse ata a extenuación polos defensores da moeda única, esquecendo outras partes do seu pensamento, como a necesidade de implantar un patrón ouro para, precisamente, poñer couto ó poder discrecional de tódalas autoridades, incluídas as monetarias.

Hai dúas correntes claramente distinguibles de europeísmo: a primeira, a posibilista, a dos pequenos pasos, a que cre na eliminación de barreiras á liberdade, a que está na orixe do Tratado de Roma e a segunda, a constructivista, a que cre posible deseñar racionalmente as institucións, a que dominou en Bruxelas durante os mandatos de Jacques Delors, e deixou como heranza, cos seus actuais perfís, o proxecto de moeda única aprobado no Tratado de Maastricht.

A sinatura do Tratado de Roma non se fixo, primordialmente, por motivos económicos. Os "país" da idea tiveron sempre como obxectivo a unión política, nun intento de evita-la repetición dos enfrentamentos nacionalistas da primeira parte do século. Ese espírito esixía o control democrático dos respectivos gobernos, a limitación e separación dos poderes do Estado, o respecto á propiedade privada e a liberdade individual. Pero nunca se pensou en utilizar mecanismos económicos para logra-la unión política. Máis ben, tíñase conciencia de que as decisións económicas debían orientarse a eliminar barreiras ós intercambios comerciais e a permiti-la libre circulación de persoas e de capitais, porque esas barreiras propiciaban os nacionalismos. E é precisamente un político alemán, Ludwig Erhard, o que máis claramente expuxo a idea da Europa politicamente desexable, avisando dos riscos da burocratización e o constructivismo, antes incluso da sinatura do Tratado de Roma.

O europeísmo intervencionista da etapa Delors ve tantos riscos no "exceso de liberdade" dos países membros, que quere alcanza-la unión política europea, incluso sen control parlamentario, pola porta falsa da moeda única, afirmando, tallantemente, que se o proceso de unificación europeo continúa pola vía da moeda única todo o que se conquistou ata agora estoupará; a Unión Europea desaparecería como consecuencia dos conflictos que provocarían as desvalorizacións competitivas entre os países comunitarios.

¿É este perigo de explosión un novo e sólido argumento económico a favor da unión monetaria? Non o creo. A liberdade de movemento de capitais asegura, na

actualidade, que os tipos de cambio se fixan polo mercado, non polos desexos dalgún gobernante de competir deslealmente con outros países; asegura que non haxa desvalorizacións competitivas. Non proporciona, certamente, estabilidade no curto prazo pero obriga a respecta-las regras da economía de mercado más que ningún outro instrumento, castigando todo tipo de incertezas, tanto políticas como económicas; moitas veces, no curto prazo, equivócase, como demostra —por poñer un exemplo próximo— a cuarta desvalorización da peseta desde 1992, a que tivo lugar a comezos de 1995; e iso porque nalquel momento a incerteza política parecía poñer en perigo o obxectivo de recupera-los equilibrios da economía, basicamente, o orzamentario. E aínda que resulte molesto einxusto para os desprevidos, hai que ter en conta que existen mecanismos e instrumentos que permiten, nese curto prazo, tanto ós importadores como ós exportadores, cubri-los riscos derivados de movementos bruscos do tipo de cambio. E no que respecta ós deostados especuladores, a súa auténtica oportunidade para obteren beneficios substanciosos sempre ocorre cando as autoridades económicas interveñen activamente para sostener ou apoia-lo tipo de cambio que elas consideran adecuado en cada momento.

A miúdo, os defensores da moeda única, queimando etapas, apoian a reintroducción dalgún tipo de control ós movementos de capitais. Non é unha casualidade que os defensores da estabilidade por decreto se concentren nos bancos centrais e nos ministerios de economía e facenda, pois son eles os que sufren directamente o veredicto inmediato, sen apelación, dos mercados sobre as políticas económicas que eles instrumentan. A resposta instintiva dos que, moitas veces, se consideran maltratados polos mercados cambiarios é, primeiro, controla-los movementos de capitais "puramente especulativos" e, se non son posibles os controis, adoitan inclinarse por defendela unificación monetaria, se cadra por aquilo de que morto o can... Aínda que é certo que son os máximos defensores da ortodoxia e repiten que é necesario facer un esforzo notable de converxencia entre os países que van formala unión.

Hai un último argumento para moitos políticos, economistas e empresarios: transforma-la Europa nunha superpotencia, en pé de igualdade con Estados Unidos e Xapón. Os que cren no tamaño como un ben en si mesmo recalcan que a falta de unidade política europea estivo a punto de facer fracasa-la última rolda do Gatt. E que, no futuro, só serán posibles novos acordos similares se Europa actúa unida. É posible, pero a unidade política ten que construírse sobre institucións políticas; só cando se logren —se se conseguem— esas institucións poderemos cuestionárnola moeda única.

Os que non defendémo-lo camiño da moeda única cremos que a paz, o benestar e o crecemento das economías dos países europeos se conseguem mellor coa liberdade no movemento de bens e servicios, persoas e capitais e que esa é a mellor maneira de evita-los nacionalismos.

Se, ademais desa liberdade, se logra un estricto cumprimento dos criterios de converxencia, na súa formulación más esixente, asistiríamos a un novo fenómeno:

o intercambio *de facto*, a tipos de cambio fixos, das moedas dos países unificados sendo, nese caso, a moeda única innecesaria.

## **CRITERIOS DE CONVERXENCIA E ESTABILIDADE PARA O CRECMENTO**

Se cadra sería máis exacto falar, en lugar de criterios de converxencia, das condicións que debe cumplir unha economía para medrar sen desequilibrios. Os criterios de converxencia o único que fan é aplicar ó caso particular dos países comunitarios uns principios económicos teóricos, decantados pola experiencia dende a Segunda Guerra Mundial, en particular dende a crise do petróleo; a saber, que nin o déficit público nin a inflación serven para medrar ou para crear emprego.

E ese é un cambio radical na teoría e na práctica da política económica porque, por enésima vez na historia, o keynesianismo reintroduciu a especie contraria, ó afirmar que a economía de mercado non funciona e que, ó ser imposible modificar os condicionantes que dificultan a operación do sistema de prezos no mercado, como o poder sindical e a inflexibilidade dos prezos á baixa, era preciso utilizar o poder dos estados para, pola vía do gasto público, da creación de diñeiro e da alteración das condicións en que ten lugar o aforro e o investimento privados, acelerar ou desactiva-lo ritmo de crecemento da economía.

E esquecémonos demasiado rapidamente de que, durante case setenta anos, os países do socialismo real pretenderon que era posible, sen prezos de mercado, asignar recursos e medrar. Incluso os más respectados economistas dedicaban capítulos completos das súas obras a explicar cómo funcionaban esas economías, admitindo a posibilidade de que terminaran por sobrepasar en renda e riqueza ás dos países de economía de mercado.

Vivimos o desprestixio teórico desas doutrinas. Nos últimos vinte anos volvemos comprobar que o déficit público non crea emprego, que a inflación é perniciosa tanto para o aforro como para a asignación dos recursos e que o exceso de presión fiscal afecta negativamente ó crecimiento.

A política económica formúlase hoxe uns obxectivos moi modestos e moi difíciles. Así, a política orzamentaria ten como prioridade a eliminación do déficit público e a reducción da débeda pública. A política monetaria ten que compasa-lo ritmo de crecemento da oferta monetaria ó da economía; só os tipos de xuros se poden mover, e no curto prazo exclusivamente, para atenua-las consecuencias da existencia de ciclos na economía; ainda que sobre a súa permanencia e repetición non se poñen de acordo os economistas.

O terceiro obxectivo da política económica, ademais de reduci-lo déficit público e evita-las fluctuacións monetarias —inducidas as más das veces por déficit públicos—, é flexibiliza-lo funcionamento da economía; e para logralo é preciso modificar as leis que restrinxen a competencia. Estamos no campo das reformas.

Neste esquema de política económica desenvolven un papel fundamental as opinións dos investidores nacionais e estranxeiros. Na medida en que consideren

acertadas as decisións dos responsables económicos e o nivel e perspectivas das principais magnitudes e índices económicos, investiran nese país, a curto ou a longo prazo, segundo o tipo de investidor de que se trate. Por suposto, as magnitudes más significativas serán diferentes para os que pensan en facer investimentos directos permanentes. As opinións dos investidores, o fluxo de capitais nun sentido ou noutro, fixa o nivel dos tipos de xuros e os premios ou castigos dunhas moedas respecto ás outras.

Ningún goberno ten moita marxe para separarse da ortodoxia neste contexto. Os déficit públicos e as inflacións diferencialmente altas páganse en tipos de xuros e, polo tanto, en posibilidades de crecemento.

Os valores que priman son a flexibilidade, a baixa inflación, o baixo déficit público e a débeda pública reducida. Os criterios de converxencia de Maastricht consagran a aceptación, por parte dos países membros da Unión Europea, de que eses son os criterios adecuados. E niso Europa non é pioneira, pois son moitos os países que iniciaran, xa había tempo, ese camiño de ortodoxia.

Se non existira Maastricht, os países comunitarios —en solitario ou a través de acordos bilaterais ou multilaterais— estarían intentando levar a cabo políticas económicas moi similares á actual.

## **AS DEBILIDADES DA ECONOMÍA EUROPEA. A COVARDÍA POLÍTICA**

Durante os anos da posguerra a moderación salarial, a ilusión monetaria, a ausencia de débedas públicas avultadas, a reducida presión fiscal e o menor peso do gasto público nas respectivas economías permitiu un rápido crecemento e a desaparición do paro; mentres, Estados Unidos sufría taxas de paro do 6 ou 7%, considerada inaceptable —naquela época— polos políticos e economistas europeos, que se interrogaban polas causas de tan alta taxa de paro.

Despois, Europa padeceu as consecuencias do keynesianismo, do intervencionismo da economía do benestar e da planificación indicativa. A traducción desas políticas foi sempre a mesma: o aumento do gasto público e a intervención, iniciados por gobernos socialistas e mantidos polos conservadores.

A principios dos oitenta os países da Europa comunitaria tiñan problemas graves e similares; poboacións avellentadas, inflacións elevadas, un gasto público e unha presión fiscal moi altos, desemprego, dificultades para mante-las transferencias sociais, incapacidade para medrar e nulo crecemento do emprego, agás o do sector público.

Ó cabu duns anos chegouse á unanimidade en canto á orixe dese desenvolvemento indesexable: o descontrol do gasto público; a inflación utilizada como bálsamo para non ter que enfrentarse ós problemas que permitían restriccións na oferta en moitos mercados; o mal funcionamento —por se-lo máis intervido— do mercado de traballo; o mantemento de empresas públicas con perdas; o exceso, nalgúns casos, de protección social; os sistemas fiscais confiscatorios; a falta de respecto á neutralidade fiscal.

Politicamente era —e é— difícil encarar esos problemas, tanto para os partidos de esquerdas como para os de dereitas. E é cotián que partidos ideoxicamente conservadores ou liberais, que non teñen os problemas ideolóxicos que si teñen os socialdemócratas en relación coas reformas necesarias, carezan da convicción e valentía necesarias para transmitir ós seus respectivos cidadáns a necesidade de facer cambios lexislativos, polo temor a perde-lo apoio electoral de segmentos significativos da poboación, sobre todo no curto prazo, aínda que exista a perspectiva dun melloramento xeral das condicións de vida de toda a poboación se esas reformas se levaran a cabo.

A maioría dos gobernos comunitarios optaron por utiliza-lo argumento da moeda única como forma de lexitima-lo cambio de política económica ante as súas dificultades para razoar ese cambio; con maior ou menor énfase, segundo as súas dificultades para cumpli-los criterios de converxencia, pois non hai uniformidade nese tránsito. Hai países, como Alemaña, que non necesitan ser convencidos para manter baixa a inflación e que recuperaron o equilibrio orzamentario, incluso despois de absorbe-la RDA; outros, como Francia, non conseguén controla-lo déficit público nin o desemprego e o único estímulo para cumplir co obxectivo do control da inflación parece se-la emulación con Alemaña, se cadra porque os gobernantes franceses, de calquera ideoloxía, seguen sen estar convencidos das virtudes dunha política económica máis ortodoxa. O Reino Unido, pola súa parte, parece capaz de cumplir tódolos criterios de Maastricht polos motivos correctos e iso despoxou á moeda única do seu disfraz económico, situando o debate en termos exclusivamente políticos, como corresponde á auténtica natureza da moeda única.

Ós respectivos gobernos correspónelles decidir cómo se alcanzan esos obxectivos intermedios de converxencia se, por exemplo, subindo os impostos ou rebaixando o gasto público, se reducindo os investimentos públicos ou as transferencias sociais, se privatizando empresas públicas ou modificando a lexislación laboral.

Ó que renunciou a Unión Europea é a tratar de homoxeneiza-la fiscalidade, a regulación dos mercados de traballo, o sistema de pensións, o de axudas á familia, os mercados de enerxía, transportes, comunicacíons e telecomunicacíons. Supонse que cada goberno propoñerá as medidas que considere más adecuadas para o seu país (coa única restriccción de non tomar decisións que falseen a competencia entre empresas de diversos países, ó estar prohibida a transferencia de recursos públicos, directamente ou indirectamente, ás empresas, apoianto prezos, subvencionando inputs ou reservando mercados). Máis perniciosa é a posposición da liberdade de movementos de persoal e a permanencia de multitud de barreiras non-arancelarias ó comercio de bens e servicios. A propia actividade lexislativa comunitaria converteuse, nalgúns casos, nun labirinto que protexe determinados sectores e industrias nacionais.

O que parece evidente que se perdeu, nese camiño cara á mellora dos equilibrios macroeconómicos, é a comunicación cos cidadáns. A explicación de que pa-

ra poder medrar máis e para que diminúa o emprego é necesario controla-lo nivel de gasto público, o déficit e a inflación foi substituído pola de que é necesario cumpri-los criterios de converxencia para logra-la unidade europea e que, nese camiño, a unidade monetaria é imprescindible. Unidade que teñen que pilota-los presidentes de estado ou de goberno europeos e, naturalmente, o seu órgano planificador, a Comisión Europea.

## O CALENDARIO DE MAASTRICHT

Unha vez aprobado o Tratado de Maastricht por tódolos países comunitarios, fixouse un calendario para o cumprimento dos criterios de converxencia. Vivíase o final da euforia da recuperación cíclica, que durou dende 1984 ata 1992, aproximadamente.

Dada a progresividade dos sistemas fiscais europeos, era lóxico que neses anos de crecemento diminuían rapidamente os déficit públicos; pola súa parte, os bancos centrais comezaron unha rigorosa política de contención do crecemento da oferta monetaria, que terminou por mutila-las expectativas inflacionistas. A conxunción dos dous fenómenos confundiu á maioría dos dirixentes europeos, que remataron por propoñer unha unión monetaria rápida, e para iso decidiron que o primeiro era non permitiren variacións do tipo de cambio das moedas que estaban no mecanismo de cambios do Sistema Monetario Europeo.

A decisión correcta, máxime cando nalgunos países se fixeron referendos sobre o Tratado de Maastricht, sería a de propoñela aprobación de límites constitucionais ós déficit públicos. Pero esa medida, que restrinxe, drasticamente, o poder dos gobernantes, considerouse, sen dúbida, excesivamente radical, e foron, en cambio, adiante coa adopción da moeda única que non só é igual de radical senón que é unha medida altamente desestabilizadora, política e economicamente.

Non se tiveron en conta os efectos da reunificación no orzamento e no nivel de endebedamento alemán, nin as diferencias acumuladas entre as taxas de inflación dos diferentes países, nin as diferencias na política de reformas. O cambio de tendencia do ciclo precipitou un empeoramento dos déficit públicos; os mercados pensaron que era imposible manter, nesas circunstancias, os tipos de cambio e acertaron, pero o ano que transcorreu ata que os gobernos aceptaron o inevitable agudizou a crise e elevou a taxa de paro moi por riba do que era de esperar.

O proceso cara á moeda única volveu poñerse en marcha. O obxectivo é alcanza-la unidade monetaria o primeiro de xaneiro de 1999. Quén formará parte da unión monetaria nese momento; se se van rebaixar ou non os criterios de converxencia; qué ocorre despois da unión monetaria cos déficit fiscais dos países membros; cáles son as relacions cos que quedarán fóra; qué ocorre cos fondos de cohesión e estructurais é só unha pequena lista dos problemas que se presentan.

Pero o que non se chega a discutir é ainda máis importante. Se se produce a moeda única, ¿como poderá afectar á competencia entre empresas de diferentes países os distintos réximes fiscais, as diferentes regulacións do mercado de trabas-

Ilo, solo, vivenda, enerxía e transportes?, ¿manteranse, aumentarán ou diminuirán as taxas de ocupación e desemprego dos países que se integren?, ¿como afecta a moeda única a esas diferentes realidades?, ¿axuda a diminuí-las, é neutral ou impide a converxencia real?

Creo que a resposta a estes interrogantes é mellor dala cun exemplo do que pode ocorrer en España, á vista da nosa experiencia recente e da situación da nosa economía.

## **ESPAÑA ANTE OS CRITERIOS DE CONVERXENCIA E A MOEDA ÚNICA**

### **OS CRITERIOS DE CONVERXENCIA E A ECONOMÍA ESPAÑOLA**

España non cumple ningún dos criterios de converxencia. O paso do tempo dende a entrada da peseta no mecanismo de cambios do SME non mellorou as cousas. Lonxe diso, en 1995 estamos moito peor en nivel de débeda pública, en crecemento e en déficit público ca en 1988.

Só en inflación (4,3%, decembro de 1995) estamos mellor ca en 1988. Incluso en nivel de desemprego estamos peor, aínda que o paro non é un criterio de converxencia.

A traducción práctica dese masivo incumprimento non é que nos esteamos afastando da moeda única senón que, como consecuencia deses desequilibrios, continuamos cun enorme desemprego e unha baixa ocupación da poboación activa.

Isto transfórmanos no país que máis ten que gañar do cumplimento dos criterios de converxencia e o que máis ten que perder da rápida adopción da moeda única, se esa decisión se toma falseando a situación real do déficit e conxelando as reformas necesarias.

O incumprimento dos criterios (dende moitos anos antes de que se definiran como tales) levounos a unha taxa de ocupación do 38% e a un paro do 22% da poboación activa. Só controlando a inflación, reducindo o déficit público, diminuindo o peso dos réditos no gasto orzamentario, para o que é preciso diminuí-la débeda pública, e reducindo os propios tipos de xuros reais, ata que sexan menores que o crecemento real, poderá España alcanzar un maior crecemento, limitando a tragedia que significa o desemprego do 45% da mocidade.

Non hai que repeti-las razóns de por qué o cumplimento dos criterios que se fixaron en Maastricht é necesario para a economía española. O noso grao de incumprimento, causado en gran parte pola enorme dimensión do noso desemprego, é o índice máis claro do noso atraso económico.

A situación máis grave é a do déficit público. Segundo o Goberno situouse no 5,7% do PIB en 1995. O plan de converxencia obriga a reducilo ó 4,5% en 1996 e ó 3% en 1997. ¿É posible?

O orzamento para 1996, que lle foi rexeitado ó Goberno, significaba volver ó voluntarismo dos exercicios anteriores a 1994. Para cumpriilo era necesario que a economía medrara ó 3,4%, reduci-lo investimento público e obriga-las administracións a diminuí-los seus gastos de funcionamento en termos nominais, en porcentaxes elevadísimas, diferentes segundo os distintos departamentos ministeriais, e iso sen facer ningunha reducción do número de organismos, nin de funcionarios, nin de actividades. O milagre tiña que ser dobre; por unha parte, un relanzamento do crecemento, cun aumento substancial da recadación e, á vez, un ataque de morixeración no gasto de tódalas administracións. Porque, ademais, o gasto social, e con isto tamén comulgou o PP, non se toca, xusta ou inxustamente.

O desatinado do orzamento do Estado para 1996 pone máis de manifesto cuando se analiza o peche provisional do orzamento para 1995, que estamos empezando a coñecer; e atopámonos con que os gastos correntes, en lugar de medrar un 4,6%, fixérono nun  $\pm 15\%$ !! E, polo lado dos ingresos, a recadación foi inferior en 180.000 millóns ó orzamentado, cun crecemento da economía do 3%, superior ó proxectado para o ano.

A conclusión é que a reducción do déficit público ata o 5,7% do PIB se conseguiu gracias a ingresos extraordinarios: transferencias comunitarias netas dun bilón de pesetas, beneficios extraordinarios do Banco de España e ingresos por venda de participacións en empresas públicas ou de permisos para operar en mercados controlados. Sen todos eles, o déficit situaríase en máis do 8% do PIB. Esa é a magnitude do desequilibrio.

Imaxinemos, aínda que sexa difícil, que o goberno que gañe as eleccións conseguira reduci-lo déficit público ata o 3% do PIB en 1997, sempre, por suposto, sen toca-lo gasto social, nin reduci-la Administración, nin facendo reformas de fondo, que é a proposta socialista. Non sería imposible. Abondaría con reduci-lo investimento público ata o 1% do PIB e diminuir, sobre o "papel orzamentario", o gasto corrente, tal e como prevía o orzamento para 1996. Por suposto que, aínda que o déficit público diminuíra, a débeda pública aumentaría moito máis do que aritmeticamente sería esperable, como ocorreu en anteriores ocasións.

Neste caso, a posibilidade de integrarse na moeda única transformaríase nun terrible risco, porque nin un déficit logrado desa forma nin unha inflación, que bai-xou pola moderación salarial, aceptada polos sindicatos ante a imposibilidade de forzar alzas maiores pola presión que exerce unha taxa de desemprego do 22%, poden ser logros permanentes.

¿Por que, nestas circunstancias que non cambiaron substancialmente desde 1992, a militancia dos gobernos españoles no tocante a un calendario estricto para consegui-la unión monetaria? ¿Non sería más sensata unha postura neutral? ¿Que ten que gañar España cunha rápida unidade monetaria? ¿Disciplina forzada dende fóra? ¿Máis emprego, maiores atractivos para o investimento estranxeiro?

## O PAPEL POLÍTICO DE ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA

A touro pasado, parece evidente que o peso político español na Unión Europea aumentou na medida en que apoiou a postura de Francia e Alemaña, os dous países que intentan superar as súas incertezas pola vía da moeda única. España desenvolve un papel clave no proceso porque, descartada Italia e autodescartado o Reino Unido, a única forma de que o eixe franco-alemán non se transforme nunha unión política e monetaria concentrada cara ó leste de Europa, onde Alemaña ten o seu *hinterland*, é que España participe no proxecto desde o comezo.

Podería argumentarse que o Sr. González utilizou esa posición, teoricamente privilexiada, para conseguir-lo aumento dos fondos estructurais e a creación dos de adhesión, aprobados no cumio de Edimburgo.

E se eses fondos se combinaran cunha política económica máis adecuada ós nosos intereses nacionais, os partidarios da moeda única poderían sostener que a política europea do Goberno fora basicamente correcta. Pero iso non foi así; e o incremento deses fondos conviviou, no tempo, cunha política de tipo de cambio incompatible cos nosos intereses como país ata 1993.

Despois dun par de anos, 1994 e 1995, nos que recuperamos parte dos equilibrios fundamentais (inflación e equilibrio exterior), poderíamos estar a punto de iniciar, outra vez, o percorrido da sobrevaloración do tipo de cambio, ó ter convencido a moitos dos propios e a bastantes dos estranhos de que temos posibilidades de cumplir-lo calendario da converxencia, incluso sen facer ningunha reforma das que son imprescindibles para manter a longo prazo un baixo déficit público e unha inflación controlada. Esta debilidade a longo prazo sería compatible cun cumprimento a curto prazo dos criterios de inflación e déficit público; pero é que, incluso, non sería descartable unha certa relaxación dos criterios para facilitar o cumprimento por parte de Francia e da propia España. Nos últimos días comezáronse a formular propostas neste sentido, que implican, se se atenden, a desnaturalización do proxecto. Non teríamos unha boa política económica e a moeda única tería bases ámás fráxiles.

## O ESCURANTISMO DA POLÍTICA ECONÓMICA

¿Como é posible que ata a data non se discutira o que significan os criterios de converxencia e a moeda única, como dous obxectivos diferentes, para España?

Non é a primeira vez na nosa historia económica recente que non se debaten opcións fundamentais de política económica. Lémbrese que este era o país da "única política económica posible", do medo ó poder, porque o que se movía non saía na foto, nin na política, nin na económica. E, de feito, o enorme poder económico que acumulan as autoridades nunha economía tan intervida como a española foi exercido plenamente ata 1993. A penas había voces disidentes, era difícil publicar dúbidas, obxeccións ou opinións discordantes.

A escuridade nas concepcións de política económica é anterior, incluso, a esa época. O motivo é que os sucesivos gobernos do PSOE atopáronse, xa desde 1984,

na encrucillada de formularse cómo explicar decisións económicas que tiñan difícil encaixe no seu programa ós seus militantes e ó que sempre consideraron "o seu electorado".

As reformas dos anos 84 e 85, que culminaron no decreto-lei Boyer, foron a aceptación polo Goberno deses anos de que a única forma de que diminuíra o paro, que alcanzaba ó 23% da poboación, era unha política xeral de liberalización, que se concretou na eliminación de controis no mercado de traballo, no de alugueiros, nos horarios comerciais e no permiso para amortizar libremente durante un curto espacio de tempo. Nin eses gobiernos nin os seguintes foron capaces de explicar convincentemente ós seus militantes nin ós cadros dirixentes do PSOE que esas medidas eran imprescindibles. A partir dese momento, preferiuuse o silencio. E é que había que ter explicado que para que España funcionara, como dicía o eslogan dunha das campañas socialistas, era necesario recoñecer e respecta-los principios que permiten o crecemento nas economías de mercado e que nin sequera o manexo xeneroso do gasto público e a suba constante da presión fiscal servirían para resol-ve-los problemas de fondo do país.

O escurantismo sobre a moeda única é aínda máis denso, porque se utiliza para defende-la política económica do Goberno, cualificándoa de europeísta, e ó que se atreve a critica-la, táchaselle de nacionalista retrógrado.

Europa é, para os españois, liberdade, democracia, prosperidade, fronte ó illamento corporativista empobrecedor do franquismo. O nacionalismo español, afortunadamente debilitado, non ten argumentos fronte ó que significa Europa; e non só respecto a 1986, cando entramos na Comunidade, tampouco fronte á apertura económica que significou o Plan de Estabilización de 1959.

O Sr. González soubo identificarse co proceso de apertura e integración en Europa; e fixo crer que a unión monetaria é parte dun proceso de modernización da economía española. Non só iso, interpretou no escenario europeo o papel de terceiro de boa fe, que defende a moeda única pola súa propia bondade económica, un papel que nunca poderían desenvolve-los gobernantes de Francia e Alemaña. E convenceu á opinión pública española de que calquera dúbida sobre o proxecto é unha dúbida sobre a nosa integración en Europa.

A este primeiro temor, o de separármonos de Europa por non integrármonos na moeda única, que se pretende apoiar con sólidas razóns económicas, non se pode facer fronte más que analizando qué é o esencial da Unión Europea, en qué nos beneficiamos dende a incorporación á Comunidade, se asimilamos ou non costumes negativos e qué nos ocorrería se quedaramos fóra da moeda única.

## **A TRANSFORMACIÓN DA ECONOMÍA ESPAÑOLA DENDE A APERTURA Ó EXTERIOR**

Ningún dos graves problemas que temos que resolver —a desocupación, a inflación, o déficit público— van desaparecer, nin sequera vai ser más fácil solu-

cionalos, por estarmos na Unión Europea; ó contrario do que ocorreu con outra serie de problemas dende 1959 e, dende logo, dende 1986 ata 1991.

Os beneficios da integración na Comunidade confúndense, para España, cos do comezo da apertura ó exterior en 1959, co Plan de Estabilización, a renuncia á autarquía e os intentos de adecua-la nosa política económica ás esixencias do que se facía en Europa. Aínda que, desgraciadamente, parte do que se facía, concretamente en Francia, eran plans de desenvolvemento.

A apertura e posteriormente a integración na Comunidade significaron unha melloría substancial da renda per cápita, gracias á libre circulación de bens, servicios e capitais. E, atraído por esas liberdades, un masivo investimento estranxeiro, que pretendeu aproveitarse tanto da posibilidade de vender nun mercado de 40 millóns de consumidores, aberto progresivamente á competencia a partir dese momento, como duns menores custos de produción nun país periférico, pero integrado na Comunidade. Os avances en técnicas de produción, en tecnoloxía, en sistemas de produción, fixeron posible que nos case corenta anos transcorridos dende 1959 o nivel de vida dos españois mellorara substancialmente.

Hai, ademais, outros beneficios colaterais, como a obriga de conxela-las axudas orzamentarias ás empresas públicas, a prol da defensa da igualdade de oportunidades entre empresas europeas. Incluso máis; a pesar das súas limitacións, as leis que regulan o mercado de traballo na Unión Europea son menos ríxidas cás españolas, converténdose nunha referencia obxectiva á hora de proponer reformas laborais. E o Goberno está sendo obrigado a reformar, sequera parcialmente, algúns sectores clave, como as telecomunicacións, e a facer concursos públicos de ámbito europeo para a subministración de moitos bens e servicios.

Son moitos os economistas, partidarios da integración rápida de España na Unión Monetaria, que manteñen que o gran cambio dos últimos anos na política económica foi o control monetario que impuxeron as autoridades, que permitiu reducir substancialmente a inflación e impediu a directa monetarización do déficit público, que era unha constante do financiamento do sector público.

Creo que hai que matizar eses logros monetarios. En primeiro lugar, o diferencial de inflación de España respecto á media da inflación dos países que componen a Unión Europea non se modificou substancialmente dende 1960. En cifras medio, o diferencial mantívose en 2,1 puntos de 1961 a 1975. En cambio, de 1976 a 1985 subiu ata 5,1 puntos, e no período de 1986 a 1995 volveu ser de 2,1 puntos. Un dato interesante, pero de valor incerto polo heteroxéneo dos períodos, é que de 1961 a 1975 os prezos españois foron superiores, en promedio, un 43% ós europeos; de 1976 a 1985 foron un 51,8% maiores e foron un 53% superiores no período 1986 a 1995 (táboa 1).

En segundo lugar, o descenso da inflación conseguiuse aumentando a débeda pública, que pasa dun 3% neto do PIB, en 1975, ó actual 63%.

**Táboa 1.-** Índice implícito de prezos ó consumo privado (taxa de variación anual)

Ano	UE	España	Ano	UE	España	Ano	UE	España
1961	2,8	1,8	1976	11,2	16,5	1986	3,8	9,4
1962	3,9	5,3	1977	11,8	23,7	1987	3,5	5,7
1963	4,3	7,8	1978	9,2	19,1	1988	3,7	5,0
1964	3,9	6,7	1979	10,8	16,5	1989	4,8	6,6
1965	4,2	9,7	1980	13,3	15,7	1990	4,7	6,5
1966	3,9	7,3	1981	12,0	14,6	1991	5,5	6,4
1967	2,9	5,8	1982	10,7	14,6	1992	4,5	6,4
1968	3,3	5,1	1983	8,5	12,6	1993	4,0	5,6
1969	4,3	3,4	1984	7,4	11,9	1994	3,2	5,1
1970	5,0	6,6	1985	5,7	7,11	1995	3,1	4,8
1971	6,7	7,8						
1972	6,3	7,6						
1973	9,0	11,4						
1974	14,1	17,8						
1975	13,3	15,5						

FONTE: Boletín da CEOE. Situación socioeconómica, xaneiro 1996. (UE e OCDE).

Polo tanto, as autoridades monetarias poden proclamar que se conseguiu unha melloría substancial no control monetario pero parece, en gran parte, un logro estéril para o país por máis que institucionalmente sexa importante para as autoridades monetarias. Pero é evidente que o sector público gasta desmedidamente máis do que ingresa; iso si, antes monetizaba directamente o déficit e agora aumenta a débeda, e produce o *crowding out* do crédito privado.

Esta evolución, máis pronunciada dende 1982, é moi negativa e coincide co progresivo achegamento primeiro e coa integración despois na Comunidade.

Importamos hábitos de comportamento, como a perda do medo á débeda pública e ó nivel de gasto público. Asimilamos, ata o paroxismo, o intervencionismo europeo, cunha burocracia cada vez máis custosa de manter, que só as economías con maior tradición e capital acumulado se poden custear (ou, cando menos, iso crían).

Calcámolo sistema de funcionamento e intervención do sector público na economía; o gasto público aumentou ata case o 50% do PIB e a débeda pública fíxoo ata supera-lo 63% do PIB, pero áinda (e pónsenos como exemplo) está lonxe da dos países europeos máis endebdados; o consumo público medrou en 4 puntos do PIB de 1982 a 1994, e niso levabámosses vantaxe ós países europeos; ademais de financia-la intervención en agricultura, carbón e aceiro mantémo-los sectores tradicionalmente subvencionados; aplicámolo a política rexional europea, malgastando investimentos públicos en proxectos moi incertos.

E, en paralelo, volvemos duplica-lo aparato administrativo, coa creación do Estado das Autonomías, non só mantendo senón aumentando, ó tempo, o número de funcionarios da Administración central. E ninguén en Europa se atreveu, coma nós, a desvia-lo investimento público para a realización de obras de prestixio ou claramente improductivas. E non falo só dos excesos do 92. Entre os máis próxi-

mos no tempo, na Comunidade de Madrid, por poñer un exemplo achegado, vimos aborda-la ampliación do Congreso, do Senado, da Moncloa (a que está á vista e a subterránea) e a do Teatro da Ópera.

Tamén nos atrevimos a implantar un sistema fiscal, supostamente para moderniza-lo noso sistema de financiamento público, que ten como obxectivo declarado non permiti-la acumulación de capital en mans privadas; apostando, en cambio, polo aforro público que rematou, como non podía ser menos, nun desaforro cada vez maior, superior ó 2,4% do PIB no ano 1995.

A pesar das luces e sombras, a pesar do 22% de desemprego, parecía que o máis difícil, o desmantelamento do proteccionismo, total xa en 1990, se lograra sen un empeoramiento dramático da situación económica.

En efecto, dende 1986 ata 1991, e a pesar das dúbidas de xeracións enteiras de economistas respecto a cómo abrirnos ó exterior e con qué ritmo (polas limitacións de competitividade da empresas españolas e a súa posible repercusión no nivel de emprego), parecía que eramos capaces non só de eliminar tódalas barreiras ós intercambios senón que era posible facelo diminuíndo o paro, medrando máis e con menores tensións inflacionistas.

Pero o éxito da apertura, facilitado pola reducción dos prezos do petróleo e pola masiva afluencia de investimentos estranxeiros, truncouse pola acumulación dos factores negativos xa mencionados: o crecemento da presión fiscal, o aumento do gasto público, a acumulación de déficit públicos e de débeda pública e a paralización das reformas, por medo a perde-las eleccións a partir da folga xeral de decembro de 1988. A eses factores haberíalles que engadi-la estocada que supuxo a entrada no SME, a un tipo de cambio sobrevalorado e fixo, que foi incrementándose na medida en que a nosa inflación se mantivo por riba da dos outros países comunitarios.

A opinión, polo tanto, de que todo o positivo nos vén de Europa, e falo exclusivamente dende a economía, non é tan consistente como podería parecer. Se cadra porque os factores políticos, claramente positivos, fan que sexamos todos europeístas, sen unha análise específica da nosa experiencia económica.

Pero é lóxico que os que opinan que tódalas melloras nos veñen por estarmos integrados na Unión Europea, a pesar da evidencia de que non é así, como tratei de expoñer nos parágrafos anteriores, opinen tamén que as reformas só as faremos se se nos impoñen pola autoridade competente, externa, europea.

## **A INCONSISTENCIA DAS RAZÓNS ECONÓMICAS PARA DEFENDE-LA MOEDA ÚNICA PARA A ECONOMÍA ESPAÑOLA**

A maior parte dos economistas, funcionarios e políticos españoles cren que ningún Goberno español será capaz de face-las reformas económicas que necesita o noso país. Ningún Goberno —pensan— será capaz de facer cumpri-los criterios de Maastricht por si mesmo. A súa tese é que os cidadáns españoles nunca apoiarán

maioritariamente esas reformas; que só utilizando o medo a quedar fóra de Europa poderán aceptarse e poñerse en práctica. Seríamos, para os que así pensan, un país non só de segunda fila senón incapaz de sabe-lo que nos convén e de tomar decisiones incluso sabéndo. Necesitariámo-lo despotismo ilustrado dos nosos gobernantes e funcionarios que, lexitimados polo filtro da moeda única, conseguirían, finalmente, levar a cabo as reformas económicas que necesita a economía.

E aquí xorden as contradicções. Porque, eses mesmos que proclaman a nosa patolóxica incapacidade, dinnos que están de acordo en que, probablemente, o noso interese é atrasa-lo máis posible a moeda única. Habería que utiliza-lo argumento da Unión Monetaria para engana-la ciudadanía, para que se aceptasen as reformas, pero a moeda única, en si, podería resultar catastrófica neste momento. Pero non hai medo —din—, case seguro que a Unión Monetaria se atrasará substancialmente, por problemas internos en Francia e dúbidas substanciais en Alemaña.

Esa postura é, na miña opinión, fondamente errónea. Non facilitará os axustes orzamentarios nin as reformas e se fracasa a unión monetaria —incluso se se atrasara— podería levar consigo a credibilidade das posiciones reformistas implícitas na defensa do cumprimento dos criterios de converxencia.

¿Por que supoñer que calquera Goberno vai face-las reformas que necesita a economía por querer integrarse na Unión Monetaria? ¿Non estarán, os que así pensan, influídos pola evidencia de que ó Sr. González lle importou, aparentemente, más Europa cá solución dos problemas nacionais? Pero ¿non é igualmente certo que nestes anos de cego europeísmo o Goberno sempre cumpliu as directrices políticas comunitarias en tanto que non implicaran, directa ou indirectamente, modificaciones orzamentarias e lexislativas que puideran poñer en perigo as relacións co "seu electorado"? Un exemplo. Dúeselle autonomía ó Banco de España e, a pesar diso, non se fixo ningún esforzo para controla-lo gasto público; unha perfecta combinación: unha dose de europeísmo e outra de casticismo.

Á marxe da moeda única, ¿é posible, dende un punto de vista ético, imaxinar un problema maior có desemprego en España? E, ¿non é unha evidencia que non se toma ningunha medida arriscada para intentar resolvelo? ¿Non é certo que o auténtico acicate para os gobernos é o temor a perder-las eleccións e non a desocupación ou a moeda única? ¿Non é unha vergoña que tanto o PSOE como algún representante do PP denigren á OCDE e ó FMI por expoñeren que é necesario fazer reformas más fondas no mercado de traballo e no financiamento das pensións? E trátase de reformas que terían un efecto positivo na desocupación e no crecemento, ademais de imprescindibles para integrarse na Unión Monetaria, aínda que isto sexa secundario para ámbalas dúas institucións internacionais.

Con estes datos, ¿quién pode crer que algo tan etéreo como a moeda única pode motivar ós españoles? Pode, si, e é un feito, move-la vontade de Felipe González, pero só en tanto que non signifique perigos electorais.

De feito, a pesar das declaracions, seguimos sen facer unha soa reforma e sen controla-lo gasto nin o déficit público, como expuxen ó falar do cumprimento do

plan de converxencia en 1995. Agás que se considere un grande esforzo orzamentar un déficit público tan amplio como sexa necesario, sabendo que non se vai facer ningunha reforma e cumpriilo a final de ano. Témome que este é o gran cambio: non falsea-las cifras, non pretender que se vai conseguir un obxectivo e ter que reconocer que nunca se estivo en condicións de facelo. Sería —é— o éxito da contabilidade sobre a trapallada. Un avance.

E se é necesario outro exemplo de cómo o aliciente da moeda única non funciona nin sequera cando se actúa como se xa se alcanzara, analicémo-la actuación do Goberno durante os anos que tivemos tipo de cambio fixo, entre 1988 e 1992. O tipo de cambio fixo non serviu para facer ningunha reforma, nin para facer un esforzo de contención do déficit, a pesar de que ninguén contaba con máis datos que o propio Goberno para sabe-las terribles consecuencias que esa contradicción implicaba para o noso tecido productivo.

O Goberno non se moveu. Seguiu sendo "europeísta", seguiu mantendo o tipo de cambio, aínda que iso implicara oculta-lo déficit e dicir que se estaban facendo, ou que se ían facer, as reformas. Durante ese período, 1988-1992, en que tivemos un tipo de cambio fixo ou, por así dicilo, unha moeda única, tivo lugar outro episodio: o enfrentamento entre o Goberno socialista e os sindicatos, que pon de manifiesto as consecuencias da moeda única cando non se fixo a reforma do mercado de traballo.

O Goberno denunciou como incompatible co crecemento e coa estabilidade monetaria o intento dos sindicatos de facer medra-los salarios por riba da productividade, e os empresarios non se libraron das críticas por ceder ás presións sindicais.

Pero esa crítica esquecía cál é o comportamento de calquera persoa, empresa ou institución á que a lei concede esos privilexios que a exime da competencia.

Esas presións sindicais, que vivimos ata case a saída da crise en 1994, son posibles pola rixidez do mercado de traballo. O poder sindical nace das leis corporativistas do franquismo, mantidas ata hoxe, que lles permite, en momentos clave das recuperacións económicas cíclicas, forzar un crecemento dos salarios por riba da productividade. Non é só a lexislación sobre despedimentos; é a lexislación que regula os convenios colectivos, a hiperactividade, a práctica das folgas, os piquetes "informativos". A moderación salarial de 1995 e presumiblemente a de 1996 ten que ver coa taxa de paro, non coa reforma laboral. Sen outra reforma moito más fonda non haberá moderación salarial. Os chamamentos á moderación dende o Goberno poden ter éxito momentaneamente, na medida en que a cúpula directiva do sindicato se convenza de que, para evita-la destrucción de emprego, é preciso modera-las demandas salariais; pero será sempre un triunfo efémero, e esa cúpula será acusada de acomodarse á influencia dos empresarios e do propio Goberno e acabará sendo substituída por outra más radical, que reiniciará o proceso de presión monopolística que lle permiten as leis.

Por iso repetimos, os que o facemos, que é necesario facer reformas; que esas reformas permitirán medrar máis, cun crecemento máis intensivo en emprego; que, por suposto, iso nos achega ó cumprimento dos criterios de Maastricht e que non ten nada que ver coa moeda única.

Outro exemplo da necesidade das reformas para evita-las tensións de prezos en sectores básicos da economía témolo na sorprendente reacción das nosas autoridades ante o crecemento dos beneficios, na fase inicial de recuperación do ciclo.

Ó cambia-la concxuntura, e comeza-las empresas a aumenta-los seus beneficios, as admonicións das autoridades —porque agora xa non son ameazas— diríxense ós empresarios: "Non se deben aumenta-las marxes". Si, novamente polo mesmo motivo polo que non se podían aumenta-los salarios: para non poñer en perigo o cumprimento do obxectivo de inflación e evitarlle á autoridade monetaria o penoso deber de eleva-los tipos de xuros para contrarresta-lo efecto nos prezos da suba das marxes empresariais.

¿Onde está escrito que un empresario teña que modera-las súas marxes de beneficio? ¿Para que? Ese é o sistema de prezos dunha economía de mercado. O empresario fixa os seus prezos en función da competencia; se non hai competencia elevará os seus prezos ata onde a demanda da súa produción empece a caer substancialmente. Se o Goberno pretende que os empresarios baixen os prezos o que ten que facer é unha política de reformas. Se, por exemplo, se queren modera-las marxes empresariais no sector inmobiliario, que os concellos permitan que se multiplique o solo edificable. Se se queren modera-las marxes dos comerciantes, permítase que compitan as grandes superficies, entre si e co pequeno comercio. Se se quere que diminúan os prezos da enerxía, permítase a competencia entre empresas eléctricas, despois de elimina-los beneficios extraordinarios que o acordo marco permite a Endesa. Se se quere que diminúan os prezos das chamadas telefónicas, introdúzase a competencia directa a Telefónica, S.A.

¿É necesario seguir? Porque ese é o campo das reformas, necesario para o cumprimento dos criterios de converxencia.

"*Non é posible*", di o Goberno. Facer moitas dasas reformas sería provocar un conflicto social de consecuencias incalculables, afirma; nuns casos suporía unha folga xeral, se cadra indefinida, que se podería perder, como en Francia; noutrous podería significar la quebra das empresas que perden o seu monopolio; se se modificara a lei do solo, ¿como ían financia-las súas obras os concellos? ¿Liberdade de horarios? Non, ¡por Deus!, xa se experimentaron e, aínda que se moderaran as marxes comerciais, "*botaríansenos enriba*" 500.000 comerciantes; "*poderíamos perder-las eleccións*". E a isto tamén se sumou o PP. "*Iso sería un exceso de liberalismo*", dise dende o Goberno. "*O noso país non é así*". "*Cómpre ter en conta a nosa realidade histórica e social*", engaden.

E esos mesmos irresponsables atrévensen a proclamar que a mellor política económica para España é a moeda única que é, nin máis nin menos, que fixar, para

sempre, o prezo máis importante da nosa economía —de calquera economía—, o tipo de cambio.

### **MOEDA ÚNICA: TIPO DE CAMBIO FIJO**

Non estou defendendo unha política de desvalorizacións competitivas, nin propoñendo unha política permisiva de tipo de cambio. En primeiro lugar, porque a liberdade de movemento de capitais non permite, por moito tempo, a manipulación dos tipos de cambios, porque a propia autoridade monetaria non controla, afortunadamente, os tipos de xuros a longo prazo. O que tamén sosteño é que é inútil intentar compensa-los excesos dunha política orzamentaria expansiva exclusivamente coa política monetaria. Sen reformas, ese tipo de política só ten corda para períodos curtos. Ó final sempre se ten que desvalorizar porque, se non, todo o tecido empresarial termina por desaparecer.

Toda desvalorización implica empobrecemento, perda de investimentos realizados en función doutros prezos relativos, tanto internos como en relación co exterior, ademais de desemprego e inflación.

O país que desvaloriza faino porque as súas autoridades monetarias non controlaron o crecemento da oferta monetaria, porque non se atreveron a atallar frontalmente o déficit público. E aceptaron convalida-los prezos máis altos dos bens e servicios, froito de subas facilitadas pola ausencia de competencia nalgúns mercados fundamentais e polos déficit públicos.

Desvalorizar é o recoñecemento dun fracaso. Pero comprometerse a renunciar ó tipo de cambio é unha decisión que pode ser valente ou irresponsable.

Renunciar para sempre ó tipo de cambio significa estar convencido de que tanto o ordenamento xurídico como o comportamento dos principais partidos políticos aseguran, razoablemente, que no futuro non será posible un déficit público maior do 1% do PIB, por exemplo; e que están en curso, ou se farán inmediatamente, reformas nas principais leis que regulan o comportamento de empresas e individuos e a oferta en determinados mercados. Significa estar convencido de que o sistema fiscal permitirá o aforro privado, a capitalización de empresas e o investimento, sen interferencias, nas actividades onde sexa máis productivo; sen que o propio Estado compita, en condicións privilexiadas, por eses mesmos aforros dos cidadáns para financia-lo seu déficit público. Significa estar seguro de que se van tomar decisións políticas que van afecta-la protección con que contan os traballadores con contratos indefinidos mellorando, á vez, a estabilidade dos que teñen contratos temporais; e contar que se van modifica-las leis que permiten presións sindicais en sectores e empresas onde nin sequera hai afiliados ós sindicatos. Significa estar convencido de que se vai modifica-la lei do solo, as leis que regulan os arrendamentos urbanos e o funcionamento rápido da Xustiza en temas económicos, como tódolos relacionados coa resolución de conflictos cos alugueiros e cos conflictos económicos que xorden entre empresas e con particulares. Significa es-

tar convencido de que se vai modifica-la regulación dos sectores de comunicacions, telecomunicacions e transportes. Significa estar convencido de que o Estado vai levar a cabo, antes da entrada en vigor da moeda única, porque conta con fondos para iso, unha serie de investimentos en infraestructuras básicas que nos permitirán consolida-la unidade do mercado nacional e a propia unidade de todo o Estado das Autonomías e reduci-la nosa desvantaxe, en custos de transporte e distancia, cos países que constitúen o núcleo da actual Unión Europea.

Pois ben, eu non estou seguro de case ningunha destas cousas. É máis, dada a inexperiencia do noso sistema democrático e o descubrimento recente por parte dos partidos políticos, cando menos por parte do PSOE, do útil que pode se-lo orzamento como arma electoral, máis ben estou convencido de que o máis urxente é limita-la capacidade de calquera goberno, de dereitas ou esquerdas, de incorrer en déficit públicos. Á vista da nosa experiencia máis recente, é evidente que era máis urxente limitar legalmente, incluso cunha modificación constitucional, a capacidade de incorrer en déficit públicos por calquera das tres administracions públicas, que outorga-la autonomía ó Banco de España.

Creo que necesitamos tempo para abordar estes problemas. Non necesitamos un déspota ilustrado que por decreto-lei impóna as reformas que considere necesarias para o bo funcionamiento do país. Necesitamos debater, afondar, escoitar diferentes opiniós, equivocarnos, modificar, en caso necesario, leis recén aprobadas se se demostran erróneas. Necesitamos confrontación e publicidade. Todo menos un novo consenso no que non sexan absolutamente evidentes as compesacions políticas.

A tendencia desde 1984 foi, desgraciadamente, a contraria. Ó longo dos anos, as conferencias de prensa, os debates televisivos, as explicacions dos responsables económicos fóreronse espaciando, ata desaparecer completamente.

### **CONCLUSIÓN: ESPAÑA NO EURO; PRIMEIRO DE XANEIRO DE 1999**

Se tiverámo-la desgracia de integrarnos monetariamente no euro o primeiro de xaneiro de 1999, sen facermos ningunha das reformas estructurais que necesitamos, atopariámmonos nunha situación moi complicada.

Inicialmente, o déficit público diminuiría, porque a carga dos xuros sería substancialmente menor do que é na actualidade. E o mesmo lles ocorrería ás empresas máis saneadas e capitalizadas; iso é, sen dúbida, un cambio enormemente favorable. Pero este impulso positivo veríase contrarrestado por outra serie de cambios probablemente negativos.

En primeiro lugar, o aforro bruto necesario para capitalizar unha empresa ou calquera actividade productiva seguiría sendo en España moito máis alto ca nos principais países europeos, e falo de Francia, Alemaña, Reino Unido e Italia. O noso sistema fiscal castiga a acumulación de capital nas empresas, a través do xogo conxunto do imposto de sociedades, do IRPF e do imposto sobre o patrimonio.

Dito noutras palabras, seguiría sendo vantaxoso investir en España, en empresas españolas, coa condición de ser un non-residente.

En segundo lugar, o mantemento, nas súas liñas xerais, do actual sistema de relacións laborais limita agudamente o desexo dos empresarios de utilizar man de obra. A inflexibilidade dos cadros de persoal, os elevadísimos custos de reducción destes cadros nos casos de fracaso na xestión e de diminución da demanda do producido implicaría que o desemprego en España seguiría sendo moi alto, a taxa de ocupación moi baixa, o poder dos sindicatos moi alto, os salarios, en consecuencia, excesivamente altos, e os gastos orzamentarios por transferencias a parados e familias sen recursos tan elevados como na actualidade.

En definitiva, a moeda única non implica ningunha adaptación automática, á baixa, da NAIRU, é dicir, da taxa de desemprego non aceleradora da inflación, que en España se sitúa arredor do 17-18% da poboación activa.

Un exemplo evidente dos problemas de emprego que provocan a combinación de exceso de fiscalidade e rixidez laboral podémolo observar na escaseza de empresas grandes. A adoración das pequenas e medianas empresas (PEMES), de que adoecen os partidos políticos en España, é unha aberración electoralista, pois cando se di que en España o emprego o crean as PEMES, o que se pon de manifesto é a imposibilidade de supervivencia das grandes empresas. A experiencia española é que cando unha PEME se converte nunha grande empresa perde posibilidades de adaptación e supervivencia, pois as rixideces laborais e as dificultades para acumular capital convértenas en víctimas propiciadoras dos ciclos económicos. E a ausencia de empresas grandes limita radicalmente a existencia de pequenas e medianas empresas.

E nada de todo iso será modificado pola moeda única. Seguiremos tendo presións salariais excesivas para o noso nivel de ocupación e desemprego. E tampouco non se modificarán as causas que provocan que, mentres o grao de actividade dos homes maiores de 25 anos é do 97%, o grao de actividade das mulleres medre sen que o faga a súa ocupación, e o dos novos diminúa a pesar de que o seu desemprego siga medrando. Porque este fenómeno ten que ver coa falta de mobilidade xeográfica, coa regulación das contribucións sociais, coas dificultades do transporte, co excesivo custo da vivenda en propiedade ou en alugueiro e coa escaseza e dificultade de conseguir servicios públicos fundamentais. E iso tampouco o arranxa a moeda única.

Non quero insistir no que significa o mantemento do intervencionismo nunha serie de mercados básicos como as telecomunicacións e na ausencia de infraestructuras que permitan diminuí-los custos do transporte e reducir significativamente o tempo que se tarda en percorrer calquera espacio, xa sexa para persoas ou mercadorías, e a conseguinte imposibilidade de mobiliza-la poboación desexosa de traballar ou de abarata-los custos de transporte; e tampouco isto o arranxa a moeda única.

Pola contra, sen arranxar estes dous problemas fundamentais ou cando menos intentar modifica-la lexislación que facilite esa situación de falta de competencia e de maiores custos, integrarse na moeda única significaría aceptar, de entrada, que ó cabio de poucos anos os custos de funcionamento das empresas españolas nesa terrible moeda única, nese prezo fixo, serían moito más altos cós doutras empresas europeas.

Ante ese escenario, que sen dúbida se presentaría, caben dúas actitudes: a dos optimistas, que están convencidos de que ante a crise que se presentaría en perda de emprego e peche de empresas, as reformas estructurais que necesita a economía española realizaríanse definitivamente e converteríamonos, dunha vez por todas, en europeos de primeira clase, e a dos pesimistas, entre os que me inclúo, que pensamos que se produciría un estoupidio social e que, lonxe de haber unha reacción política positiva, teríamos moitas posibilidades de volver ó populismo, ó nacionalismo e ó illamento político e económico.

Pero ese escenario que provocaría a moeda única é, en si mesmo, moito más pernicioso do que parece. Significaría, de feito, adopta-lo modelo arxentino de dolarización da economía, pero sen diminución do gasto público, privatización de empresas públicas, control do déficit público e sen reformas económicas de importancia.

Unha última pregunta, ¿ata onde cren os partidos da moeda única que tería que avanza-la destrucción do aparato productivo para provocar unha reacción positiva dos gobernantes? Porque a nosa experiencia é que, unha vez producida, a perda do tecido productivo non é facilmente reversible. Nese experimento, que tan aséptico parece ós que cren que a política monetaria sempre remata por arranxalo todo, perderíanse capitais, coñecementos, man de obra preparada, que non serían automaticamente recuperables máis que a través dun lento e custoso proceso de aforro e abstención do consumo.

¿Por que condenar a unha ou a varias xeracións a ter que reconstruí-lo innecesariamente perdido? ¿Non é máis lóxico empezar facendo as reformas que son obvias? ¿Non é máis lóxico, como sempre, empeza-la casa polos cimentos ata rematala polo tellado?

## COLOQUIO

♦ *Dª. MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS: Creo que tratou moitos puntos de interese en relación cos retos que a Unión Monetaria (UM) presenta para España e felicítoo pola forma de expoñelos, que ten un maior mérito polo pouco frecuente que é atopar opinións definidas sobre esta cuestión. A miña pregunta vaise referir ás solucións. É certo que os requisitos da UM son, en termos xerais, aceptables, e posiblemente convenientes e incluso necesarios, aínda sen o reto da Unión, pero tamén é certo que son insuficientes para lograr unha auténtica con-*

*verxencia real, é dicir, en nivel de renda e de emprego. A situación de desemprego en España é socialmente escandalosa e economicamente ineficaz, xa que se está infrautilizando a capacidade productiva do país.*

*Un requisito clave para a converxencia real, polo seu papel impulsor dos outros sectores, é o relanzamento industrial e, para isto, é preciso facer máis rendible e competitivo ese tipo de investimentos. Ámbalas dúas cuestiós requiren muitos cambios de actitude nos políticos españois para modifica-la normativa oficial, especialmente en temas fiscais e de intervención administrativa, co obxecto de axiliza-los trámites e reduci-la presión da recadación.*

*Gustaríame coñece-la opinión do conferenciante sobre esta importante cuestión e quero sinalar, pola miña parte, que a escasa capacidade de financiamento das clases medias, debida á forte presión fiscal e ós altos tipos de xuro, nos coloca nunha situación na que o Estado e os poderes financeiros, que son os depositarios da maior capacidade financeira, deberían formularse con maior decisión o papel que deben desempeñar no impulso deste proceso investidor.*

**D. ALBERTO RECARTE:** Cando se fala dunha reforma do mercado de traballo dá a impresión de que o que se quere é reduci-los salarios. Sempre fago a análise seguinte: se dividímo-lo PIB español polo número de persoas ocupadas e dividímo-lo PIB alemán polo número de traballadores alemáns ocupados e facémo-la conversión ó tipo de cambio entre o marco e a peseta no día que sexa, resulta que o salario bruto dos traballadores españois é bastante similar ó alemán, como non podía ser menos, porque en Alemaña o que ocorre é que traballan cincuenta e tantas persoas de cada cen en idade de traballar e en España só traballan trinta e oito. O que quere dicir que, loxicamente, os salarios brutos en España teñen que ser moi altos. E, ¿como se compensan? Pois con enormes cargas sociais, impostos e prezos moi elevados de moitas cousas, porque soportan unha imposición indirecta moi forte. E ó final resulta que competir cando só traballan 38 persoas de cada 100 é imposible. Dito doutra forma, é moi difícil competir cunha estructura administrativa tan complexa como a que temos en España e mantendo uns gastos sociais que, aínda que reducidos e insuficientes, en moitos casos significan unha gran dilapidación. Con esa estructura é imposible reduci-los salarios brutos. Entendo que hai unha única vía de reforma do mercado laboral. En relación coa necesidade das reformas, creo que non hai diferencias entre os liberais e os socialdemócratas. O que temos son formulacións distintas respecto a en qué consiste esa reforma. Os socialistas creron que se solucionaban os problemas fixando os salarios mínimos, dándolles poder ós sindicatos para negociar dende unha posición de vantaxe cos empresarios —porque pensan que son os más débiles e, dende ese punto de vista, necesitan un maior apoio legal—, cun sistema de relacións laborais nas que os maxistrados de traballo (os antigos maxistrados de traballo) teñen un gran poder discrecional á hora de interpretar la lexislación laboral e aplícana como un dereito tututivo, de defensa do máis débil, porque pensan que ese é o mellor camiño. A expe-

riencia dinos que iso non é así porque, ó final, o que mantemos é unha estructura de salarios brutos moi altos, pero que se traducen nuns salarios netos moi baixos para todo o mundo. O que ocorre é que o Estado redistribúe todos esos ingresos e os redistribúe arbitrariamente, segundo criterios políticos, en diversas partidas: unha parte, en axuda ó desemprego ou no PER; outra, mantendo empresas públicas con perdas ou facendo investimentos absurdos. Na medida en que diminuirámos los ingresos públicos, restariamos posibilidades, non só de gasto social, senón tamén de gastos en persoal das administracións ou en investimentos públicos absurdos; pero iso si que permitiría realmente que en España traballara moita máis xente, porque efectivamente os salarios brutos poderían manterse ou poderían baixarse e o noso poder adquisitivo sería moi superior. A principal reforma do mercado laboral consiste en reduci-los 45 días ó ano de indemnización por despedimento dos traballadores que están empregados indefinidamente. Na vida real, os empresarios atópanse na situación seguinte: imos supoñer que este ano soben os salarios un 3,5%. Poderíamos pensalo seguinte: subo os prezos un 2 ou un 3 e, o resto, aumento a productividade. Pódome manter. Pero é que a realidade non é así, porque os empresarios saben que, na medida en que teñan traballadores fixos, o que están subindo os salarios é ese 3,5% máis 45 días máis, o que supón praticamente un 12, ou un 14, ou un 15% máis de salarios cada ano, e que esa é unha obriga que ten a empresa; e é unha obriga que nin sequera ten repercusión como gasto fiscal e, polo tanto, non é deducible fiscalmente. Sería lóxico que fora un gasto fiscal deducible e, ademais, que se lles obrigara a constituir uns fondos de previsión a tódalas empresas para fazer fronte a esas obrigas. Pero, como a acumulación de fondos propios que iso requiriría é tan grande, ningúen se atreve a formulalo abertamente e, ó final, resulta que as empresas teñen unhas enormes obrigas cos seus traballadores que nun momento de crise non poden cumplir. Así se chega a unha situación na que hai cada vez menos emprego, pero cuns salarios brutos moi altos. A única forma (segundo entendo, e falei con moitísimos empresarios e hai unanimidade neste punto) de resolve-lo problema é que o empresario soubera que pode contratar persoas en contratos de emprego indefinido, pero que se a empresa vai mal ou cae a demanda, ten o dereito de reduci-lo emprego directamente, sen acudir ós tribunais (agás, por suposto, para responder de posibles arbitrariedades no persoal, discriminacións sexuais, persecucións políticas, etc.). Sabe que paga, por exemplo, 20 días por ano, cun máximo dun ano e, ademais, iso permítesselle e obrígasselle a poñelo no balance e esos fondos son algo que el non controla, porque moitos empresarios, se os teñen cerca, poderían caer na tentación de gastalo nun momento de crise ou, se é o sindicato o que o controla, podería investilo inadecuadamente. Se esa reforma se fixera, crearíase moitísimo máis emprego, permitindo que os salarios foran más baixos para o empresario e o salario neto non tería por qué ser, nin moito menos, máis baixo, porque habería menos tensións inflacionistas e o poder adquisitivo sería o mesmo.

Respecto ó tema da débeda pública, ocorre o mesmo que nunha empresa cando medra moi á presa e gasta moi rápido, como cando a alguén lle toca a lotería. No Nadal adóitase reproducir-la historia da xente á que lle tocou. Moitas veces arruináronse porque non estaban afeitos a manexar moito diñeiro, que é algo que require preparación. Se unha persoa está afeita a manexar tres millóns e atópase con cincuenta, non é anormal que gaste os cincuenta e que se endebede noutros cincuenta, porque son magnitudes diferentes. E en España ocorreu o mesmo: os gobernos españois pasaron dunha situación na que non se podía ter débeda pública a outra na que, como aquí non había nada e en Europa había moita, se comezou gasta-lo diñeiro en todo e nolo gastamos descontroladamente. Por iso, e se cadra non matizo o suficiente por falta de tempo, distingo entre o que é o necesario control e incluso a reducción do investimento público, e o investimento en infraestructuras, que son dúas cousas radicalmente diferentes. O peor que pode facer un estado é investir mal. Xamais fixaría un obxectivo de investimento público nunha porcentaxe do PIB. O investimento público, para que poida ser controlado polos cidadáns, debería ser unha lista de proxectos, coñecida por todos e cunhas prioridades, de tal maneira que cada ano se dixerá: este ano imos fazer ata o proxecto número 834 desta lista, e non ímos fazer máis porque este é o diñeiro que temos. Non sei se é o 1, se é o 0,5 ou se é o 5% do PIB pero, sen fixar porcentaxes, ó final, ¿que é o que ocorre? Pois que se deixan de face-las cousas más complexas e se fan as más inútiles, pero as más fáciles. Adoito poñe-lo exemplo de que en Madrid os investimentos públicos más importantes que coñezo, á marxe da M-40, son: a ampliación do Congreso, a ampliación do Senado, a ampliación da Moncloa por enriba e por abajo e o Teatro Real. Iso suma, probablemente, cen mil millóns de pesetas. E pregúntome, ¿vannos lexislar mellor?, ¿vannos gobernar mellor?, ¿xustifícase unha preferencia de renda ós oíntes, ós amantes da ópera, nunha situación na que sabemos que a apertura do teatro vai supoñer directamente cinco mil millóns de pesetas de déficit anual? E iso é investimento público. Iso entra nas estatísticas como investimento público. Por iso creo que non é un mal en si mesmo a diminución do investimento público; o que si o é, en cambio, é non facer infraestructuras. Por exemplo, que non estea rematada a rede de autovías é realmente un escándalo. Toda a rede de autovías de España empezou no ano 1982 e aínda non se rematou. O diñeiro que ata agora se gastou nelas parécmeme que ascende a 2,3 billóns de pesetas e a débeda pública, no mesmo período, aumentou en 40 billóns. E, daquela, un se pregunta, ¿onde están os demais? Pois está claro que cos demais se financiaron investimentos absurdos, por unha parte, ou se financiou gasto corrente. Pero, o esforzo de investimento que se fixo, que debería estar soportado por unha débeda pública en infraestructuras, foi absolutamente insuficiente.

♦ D. CARLOS INSUA PIÑEIRO: *Gustoume moito a súa intervención. Se me permite, querería preguntarlle ou, mellor dito, facerlle unha reflexión en torno a*

*dúas cuestiós que desexaría que me aclarase. En primeiro lugar, non acabo de entender moi ben a súa postura no tocante ó tema da converxencia e ós criterios de Maastricht. Se España debe, en última instancia, cumpli-los criterios de converxencia á marxe de que esteamos ou non na Unión Monetaria, a cuestión sería un problema de prazos, non de oposición á entrada en si mesma. En segundo lugar, creo que a cuestión dos custos da reducción do gasto público, que implica o cumprimento dos criterios de converxencia, se está minimizando en exceso. Creo que se se recorta o investimento público, á parte de se-lo gasto más fácil de recortar, os efectos recessivos que vai ter sobre a actividade van ser moito más importantes do que se pensa, aínda tendo en conta os efectos beneficiosos que a reducción do déficit poida ter sobre os tipos de xuro.*

**D. ALBERTO RECARTE:** Respecto ó tema dos criterios de converxencia, creo que o tipo de cambio é o punto final. É dicir, ¿que é o que ocorrería se tódolos países europeos cumpriran os criterios de converxencia?, ¿que ocorrería se non houbera déficit público en Alemaña, en Francia e en España?, ¿que ocorrería se as taxas de inflación foran as mesmas, os tipos de xuro fosen similares e a débeda pública estivera más ou menos igualada? Pois, que non sería necesaria a Unión Monetaria porque tódalas moedas serían directamente intercambiables. E iso pon de manifesto, dende outro punto de vista, o absurdo de forzar un tipo de cambio, unha moeda única, sen cumplir previamente eses criterios de converxencia. Respecto ós prazos, creo que o que é positivo son os obxectivos de reduci-la inflación e o déficit público; o demais, non. Se puidera opinar, diría que non me importan os prazos. É máis importante facer unha reforma, incluso aínda que iso custara a curto prazo un aumento do déficit público, que non face-la reforma e cumpli-los criterios nuns prazos determinados. Por exemplo, o tema das pensiós, que xurdirá no futuro. Se se pasa a un sistema de capitalización (segundo uns estudios que xa vin e que aínda non se publicaron, pero que rematarán por publicarse), durante sete anos prodúcese un aumento do déficit público, pero, ó cabo de vinte anos, o sistema actual de reparto produce un déficit de máis do 5% do PIB, mentres que o sistema de capitalización produce un superávit de 2 a 3 puntos. Certamente, son partidario de incorrer nun déficit público a curto prazo, porque me interesa moito más o resultado a longo prazo. Polo tanto, dende un punto de vista económico e dende un punto de vista lóxico, a única explicación que ten cumpli-los criterios, cumplir uns determinados obxectivos no curto prazo, a única xustificación que ten é política. Se efectivamente me dixeran: é que, se non, as posibilidades dunha terceira guerra mundial son grandes, como chegou a dici-lo chanceler Khöhl, podería estar de acordo. Imos cumplirlas aínda que sexa a risco de ter un 30% de desemprego; pero ese risco político de confrontación non existe e é, más ben, o contrario. Se se forzan as cousas sen respecta-las institucións e a historia dos países europeos, o risco de que renazan os nacionalismos excluíntes é moi forte. Por iso a

miña posición é exactamente a contraria a forza-la unión monetaria por motivos políticos.

Con respecto ó tema do investimento público, estou de acordo con vostede no sentido de que un investimento público en retroceso significa unha reducción da actividade, cando menos, a curto prazo. Pero, dentro do que cabe, o investimento público non é moi importante; é moito máis importante o investimento privado có público. O investimento público é moi pequeno en relación co investimento total. Se, por exemplo, as expectativas das empresas foran boas respecto a unha reforma fiscal ou a unha reforma do mercado laboral, probablemente o descenso dos tipos de xuro estaríase reflectindo agora mesmo nun maior incremento do investimento privado, que compensaría con vantaxe o descenso do investimento público. Polo menos, é o que creo.

♦ *PREGUNTA: En primeiro lugar, quería referirme á situación das grandes e tamén das pequenas e medianas empresas. Por un lado, foméntase a grande empresa para mellora-la competitividade e para iso favorécense os créditos ás grandes empresas. Pero, despois, vese que as PEMES son fonte de desenvolvemento e que é necesario protexelas. E, sen embargo, as cifras en España son significativas do contrario.*

*Por outra parte, no Tratado de Maastricht fálase de cohesión, de igualdade de oportunidades para todos. Pero vemos que, por exemplo, no tema da pesca non hai igualdade. En Galicia é un sector en crise. ¿Pódese crer realmente que haberá igualdade no seo da Unión Monetaria?*

*D. ALBERTO RECARTE:* No que se refire ás grandes empresas, nós estamos nun extremo do espectro. España é o país que menos empresas grandes ten de todos los países desenvolvidos. A tendencia dos países desarrollados é que cada vez haxa menos empresas grandes e que, en cambio, se desenvolvan moitas pequenas empresas que presten servicio a esas empresas que van diminuíndo de tamaño. O que ocorre é que, se lévamo-las cousas ó extremo, como é o caso de España, como non hai nin sequera un número mínimo, unha masa crítica de empresas grandes, tampouco hai suficientes empresas pequenas. E pretender crear pequenas empresas porque si, á marxe das empresas grandes, é un absurdo. O tipo de empresas pequenas que se desenvolven nos Estados Unidos ou noutros países europeos é posible, primeiro, porque hai un enorme capital acumulado. Neses países hai posibilidades de acumular capital porque o sistema fiscal o permite; hai posibilidades de endebedarse, porque o sistema bancario mantén uns tipos de xuro más baixos; hai tecnoloxía; hai experiencia; e, polo tanto, prodúcense separacións naturais de persoas que están ben preparadas, que teñen capital, que teñen posibilidade de endebedarse bancariamente e que crean empresas pequenas. Neses casos, o proceso de creación de pequenas empresas, como partición dunha actividade na que o tamaño en si

chega a ser un obstáculo ó desenvolvemento, prodúcese dunha forma natural. No caso de España, o fenómeno de creación de pemes é diferente. En España o que ocorre é que faltan empresas grandes. As que existen están moitas veces moi descapitalizadas, teñen moitos traballadores (porque non puideron desprenderse dos que non necesitan), teñen poucos fondos propios, os tipos de xuro e o financiamento bancario teñen un custo moi elevado e son empresas moi débiles. Así, os incentivos para que se escindan, por así dicilo, seccións ou traballadores máis especializados destas empresas e fagan pemes son moi escasos, porque a rixidez do mercado laboral e o tipo de sistema fiscal que temos fai que sexa difícil acumular capital e que sexa difícil endebedarse. E esa é a diferencia. Outros países primeiro tiveron grandes empresas e desas escindíronse as pemes, e nós non tivemos empresas grandes. As empresas grandes españolas terminaron nunha proporción alarmante no sector público e cunhas grandes perdidas. Os seus xestores son incapaces de face-los axustes necesarios e convertéronse nun dos principais problemas do gasto orzamentario español: absorben entre 1 e 2 billóns de pesetas ó ano de gasto. Todo o mundo foxe das empresas grandes porque a experiencia que ten a xente é que son pouco flexibles. Pero non temos das outras empresas grandes, empresas que sexan grandes de verdade, que teñan unha tecnoloxía propia e que teñan enormes fondos propios, que é o que se necesita para investigar realmente e para internacionalizarse de verdade.

En relación co outro tema, efectivamente hai enormes diferencias dentro da Unión Europea e seguiraas habendo despois da Unión Monetaria. Agora mesmo, cando hai países que sufren moito, como é o caso de España, a única forma que teñen de axusta-los seus custos é desvalorizando. Non desvalorizando competitivamente. Ese concepto da desvalorización competitiva, que se empeza a usar tódolos días, non existe. Con liberdade de movementos dos capitais, non hai desvalorizacions competitivas. Son os mercados os que fixan o tipo de cambio. Por exemplo, a cuarta desvalorización española, ocorrida a principios de 1995, hai más ou menos un ano, foi unha equivocación dos mercados que pensaron que o Goberno, saudido polos escándalos, era incapaz de controla-la situación e ía saírselle das mans o control do déficit público. Os investidores venderon pesetas, porque non se fiaban. E o Goberno tivo que desvalorizar. Pero esa apreciación era equivocada, e inmediatamente se produciu unha corrección, de tal maneira que o tipo de cambio é bastante parecido ó que había antes da cuarta desvalorización. Ou sexa, que non existen as desvalorizacions competitivas. Os bancos centrais só controlan os tipos de xuro a curto prazo, pero os tipos determinantes do tipo de cambio son os tipos de xuro a longo prazo. Naturalmente, se se fixa o tipo de cambio para sempre, hai rexións (as más desfavorecidas) que van ter unha posibilidade de axuste más difícil. Porque daquela os axustes haberá que facelos en termos de emprego e en termos de migración, e aquí hai unha contradicción flagrante con outra política da Unión Europea. A política rexional europea está pensada para que ningúén emigre

e as políticas sociais dos gobernos europeos están deseñadas para que non existan desprazamentos de poboación que en si, na medida en que é un fenómeno involuntario, efectivamente é algo negativo. Pero non creo que exista poder económico suficiente para manter poboacións indefinidamente en zonas nas que non hai suficiente actividade económica, porque o perigo é que nos atopemos con situacions como a do mezzogiorno italiano na que o desemprego se encistou. É unha situación con máis dun 30% de desemprego, na que os subsidios e a corrupción explícan unha parte básica do funcionamento dunha estructura económica anquilosada e na que tampouco se producen movementos de poboación. Para calquera persoa é mellor traballar, áinda que teña que emigrar, que quedarse no mesmo lugar e ter que ser subsidiado polo Estado dunha ou doutra forma. Ademais, o paro que pode producirse nas rexións menos favorecidas ou menos competitivas non vai contar con axudas europeas. Non existen suficientes recursos fiscais. O exemplo do que ocorreu na antiga Alemaña Oriental é instructivo. Un tipo de cambio irreal, o 1x1, que forzou ó Sr. Khöll, produciu unha situación de enorme desemprego en Alemaña Oriental que, en parte, se está paliando con transferencias públicas dende a Alemaña Occidental. Pero, a pesar do enorme volume desas transferencias (case o 5% do PIB), o paro non se reduce e a situación financeira de toda Alemaña deteriorouse, porque nin sequera ela é capaz de manter ese nivel de subsidio indefinidamente. No caso de España, a diferenzia é que nunca teremos transferencias comunitarias, nin do 5% nin do 1% do PIB.

♦ D. MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ: *Vostede falou de modelos sobre os que convén facer algunha precisión. En primeiro lugar, sobre os EE.UU. Trátase dun país, onde cun modelo efectivamente más liberal (áinda que o Estado toma medidas proteccionistas, como outros, para defende-los seus produtos, os seus agricultores, etc.), sen embargo, como acaba de sinala-lo estudio do asesor de Clinton, Rikfint, nos EE.UU. cada vez concéntrase más o capital: os ricos son más ricos e os pobres son más pobres e van en aumento. Nos EE.UU. hai preto de 40 millóns de pobres integrados polas minorías (negros, hispanos...) que sofren con dureza o fracaso do soño americano e que responden con gran violencia á sua marxinación. Son os que más van á cadea, sofren más enfermidades (hai zonas nos EE.UU. nas que a mortalidade infantil e outras secuelas relativas á saúde deitan cifras de países atrasados economicamente), os que se ven golpeados polo mercado da droga, polas mafias da emigración ilegal e polo tráfico de todo tipo de productos ilegais... Nos EE.UU. o problema número un é a violencia social. Outros exemplos, como o Xapón ou Singapur, conducen a unha manifestación pura e dura do pesadelo orweliano: a que lles rebente o corazón de tanto traballar ("karoshi"), ó karaoke ata nos taxis para compensa-los brutais ritmos de traballo, á conversión dos axentes en súbditos, en suxeitos presos por un sistema, á democracia autoritaria na que o individuo como actor social, crítico autónomo, se ve*

*substituído por un espectador pasivo, productor e consumidor que baila sen protestar ó son que marca o poder, o estado, o capital.*

*¿E que dicir de España? Non sei ónde están eses liberais dos que fala vostede. En España o problema é que hai moi poucos liberais de verdade, empezando polos que se proclaman como tales; empezando polos empresarios que proclaman a liberdade de empresa, da economía... pero, ó mesmo tempo, están constantemente recorrendo ó Estado, pedindo "papas" por vía de subvencións ou concesións, reclamando a súa intervención. Con Aznar e os seus rapaces sucede outro tanto: na oposición proclámanse liberais e cando chegan ó poder, como en Galicia (D. Manuel non é moi liberal que digamos), a televisión pública segue sendo completamente gobernamental, segue dando unha cultura de bazofia, con todo tipo de chafalladas e de clientelismos por medio de productoras amañadas. Fraga, dende a Xunta, xogando ó "presidentiño" (semre soñou con ser presidente de España coa súa "maioría natural"), ve o máis "natural" do mundo crear en Galicia un INI "pequeniño" por medio de todo tipo de fundacións, de organismos públicos... E ningúen lle protesta. Fraga dixo tamén que só estaría na Xunta dúas lexislaturas; xurou polo seu honor que non se presentaría á terceira, seguindo o exemplo liberal dos EE.UU., e vai presentarse á terceira...*

*Os cidadáns danse conta de que os políticos, os altos funcionarios, os intelectuais, os grandes profesionais, os líderes da comunicación... proclaman ideoloxicamente unha cousa e na práctica fan o contrario. Van ó seu descaradamente tratando, como sempre, de sacar tallada do Estado da forma que sexa, sen importa-la cor do gato. Por iso, o felipismo levou a España ás maiores cotas de degradación e corrupción políticas. Por iso, a pesar da corrupción, sacou máis de 9 millóns de votos.*

*Proclámase ideoloxicamente a defensa da ética nos programas, nos discursos, nas declaracións..., pero a moral pública é absolutamente borrada, varrida na práctica real.*

*Vou poñerlle a vostede un exemplo da vida cotiá que acaba de ter lugar en Galicia, pero que se dá e se deu en tódolos puntos de España. Un exemplo de como se comportan os cidadáns de abaxo á luz do que fan, ven, senten e, sobre todo, sofren nas súas carnes. Un exemplo de como se aplican ó veren con qué bois ara o estamento público, administrativo, político, económico, empresarial, cultural... Hai uns días en Galicia pecháronse na Xunta un grupo de agricultores para protestar porque os animais (lobos, etc.) lles causaran graves danos ós seus rabaños. Esixían que a Xunta os indemnizase. E dicían dende o seu encerro: "Estamos pechados aquí na Xunta. A única solución que nos dá a Xunta é que lles peguemos un tiro ós animais salvaxes. E nós non queremos. Nós o que queremos é que a Xunta, como noutras comunidades (Asturias, etc.), nos pague por mante-los animais, pois somos ecoloxistas...". É dicir, consonte coa cultura dominante, cos hábitos sociais imperantes, os agricultores pechados propoñían pura e sinxelamente*

*converterse en funcionarios protectores do lobo, pois iso é moi máis cómodo que pelexar diariamente no mercado coas vacas, co leite, coa supertaxa, coa carne, coas patacas..., co prezo dos productos... A cultura funcionalarial máis clientelar, caciquil, nepotista..., a "cultura do pelotazo" a grande e pequena escala está moi arraigada en España, en tódolos niveis: na universidade, na sanidade, na agricultura, na administración, no exército, na policía... e no comercio, na empresa, na cultura, na arte, no cine, na danza, no deporte... e nos partidos, nos sindicatos, nas patronais, nas fundacións, nos colexios profesionais, nos "consulting"...*

*Ese é o problema, Sr. Recarte, ese é o problema; que en España hai moi poucos liberais, empezando polos que se proclaiman como tales.*

**D. ALBERTO RECARTE:** Son dous temas diferentes. En relación co tema dos modelos, creo que o exemplo dos Estados Unidos é difícil para todos porque, basicamente, o tipo de problemas que en parte sofren os Estados Unidos ten que ver coa mestura de razas e culturas, e é más importante o problema das etnias e das razas, para os efectos de explica-la pobreza e a distribución da riqueza, c ó modelo estrictamente económico. Porque desgraciadamente para a sociedade norteamericana, está deixando de ser un *melting pot* e estase transformando nun "mosaico", no que cada grupo trata de conserva-la súa propia nacionalidade. E iso fai que se produzcan discriminacións de grandes grupos de poboación (que adoitan coincidir ou con negros ou con hispanos ou con persoas de orixes específicas). Polo tanto, non sería xusto dicir que as grandes diferencias e a violencia foron producidas polo modelo económico. Creo que, sinceramente, e para rematar co tema americano, hai que ter en conta que nos Estados Unidos seguen entrando ó ano dous millóns de persoas, de inmigración neta, nun país que ten uns 280 millóns de persoas. Sería equivalente a que en España entraran arredor de trescentas e pico mil persoas ó ano a traballar. Iso produce unha sociedade moi dislocada, unha sociedade cunhas convulsións terribles. Pero é que a sociedade norteamericana segue sendo unha sociedade aberta, unha sociedade fronteira. Creo que EE.UU. é un exemplo moi complexo para utilizar. De irmos ó outro extremo, certamente creo que un peor exemplo é o do Xapón. Tódolos traballadores do Xapón viven durísimamente, case sen vacacións, con casos de xente que morre por exceso de traballo. Creo que ese non é un modelo que debemos imitar. É un caso de intervencionismo público, que funciona porque funciona unha organización case militar da sociedade.

Dicía Douglas North nos seus estudos sobre a economía española, que no século XVI-XVII en España os españois querían ser curas ou funcionários e non querían traballar na actividade productiva. E el dicía que era unha opción racional. ¿Por que? Porque en España non se respectaba o dereito de propiedade privada e o sistema fiscal estaba deseñado exclusivamente para recadar, sen ter en conta as consecuencias sobre a actividade productiva. Esa falta de respecto á propiedade privada, ós dereitos individuais, na medida en que o dereito de propiedade é unha

emanación dos dereitos de cada un á liberdade persoal, creo que iso é algo que segue estando presente na España do século XX. Creo que esa é a orixe do intervencionismo en España. Por iso, os gobernantes cren que con disposicións legais autoritarias poden resolve-los problemas. En España non tivemos unha economía máis socialista cá da época de Franco, na que absolutamente todo estaba intervindo. Teoricamente, na época de Franco respectábase o dereito de propiedade privada. Pero resulta que se, legalmente, a través do Boletín Oficial, se fixan os prezos, os salarios, as cotas de importación, os diferentes tipos de cambio para as diferentes importacións e para as exportacións, ónde se inviste, quén inviste, cáles son os tipos de xuro, etc., resulta que non temos unha economía de mercado, senón unha economía intervida, corporativista, na que o que se fai rico, ¿por que se fai rico? Pois faise rico porque ten a sorte, ou é o suficientemente pillabán como para conseguir unha importación nun momento determinado, un bo prezo de venda ou un salario suficientemente alto, ou un investimento autorizado e subvencionado. Creo que iso xerou en España unha falta de respecto pola economía, que se supoñía que era privada, unha falta de respecto por toda a acumulación de capital. Porque naquela época, en gran parte (con tódalas excepcións do mundo) podía dicirse que o que se facía rico o conseguía gracias ó poder administrativo e, polo tanto, a acumulación de capital en mans privadas foi condenada na sociedade como un fenómeno propio de especuladores. Non nos liberamos dese sentimento e, en gran parte, o sistema fiscal que temos responde a ese sentimento de que a acumulación de capital privado é mala en si, de que sería mellor que quen acumulara o capital fora o sector público ou que, para evitármolo proceso de acumulación, o mellor sería que a propiedade fora estranxeira. Neste último caso, xa non nos metemos en cómo se acumulou ese capital fóra de España. Unha maioría de persoas en España probablemente pensa que é mellor que sexa o Estado quen decida qué é o que hai que facer, ónde hai que investir e ónde non. Porque o Estado, teoricamente, debería saber mellor có mercado e cás persoas, qué hai que facer e ónde hai que facelo.

O problema básico da economía española é o mantemento do intervencionismo e a incomprensión por parte de moitas persoas, sobre todo de moitos políticos, de tódolos partidos e de moitos funcionarios; a incomprensión, repito, de cómo funciona o mercado. E que a función dos poderes públicos é a de permitir que haxa competencia. Non é darlles poderes monopolistas a unha empresa ou a outra, senón permitir que haxa competencia e, cando se combina unha situación de non-competencia cunha situación de liberdade de mercado, o que se producen son abusos. Cando se combina unha situación de control da oferta de solo cunha situación de aumento da demanda, en momentos determinados, de vivendas ou de terreo para oficinas, o que se produce é unha acumulación de capital inxustificado en máns privadas. Daquela, resulta que, ós ollos da maioría da poboación, o responsable da situación é o libre mercado, sen dármonos conta de que o problema non está aí. O problema está nas leis restrictivas da actividade, no excesivo intervencionismo público.

Este é un tema complicado dada a nosa procedencia e dado que en España non houbo unha catarse económica e política. En España abandónase o sistema intervencionista a partir de 1959, pero non por convencemento teórico. Aquí non houbo convencemento de que era mellor a economía de mercado cá planificación indicativa. Nin moito menos. Aquí o que ocorreu é que se terminaron as divisas. E daquela houbo quen dixo (o Fondo Monetario, o Banco Mundial): estamos dispostos a financiar, sempre que se fagan estas reformas. E as reformas fixéronse, pero sen convencemento por parte de ningúen. E, por poñé-lo último exemplo, nunha data tan recente como a de 1978, a Constitución española segue mantendo como sistemas alternativos a liberdade de mercado e a planificación. Dende o meu punto de vista, a planificación é absolutamente incompatible coa liberdade persoal e coa democracia, aínda que este sería un tema moito máis longo. Pero quero dicir que non é un tema no que desgraciadamente sexa fácil poñer de manifesto cáles son as limitacións do sistema en que vivimos tanto por herdanza como por decisións propias. Despois, esas tradicións intervencionistas adulteráronse aínda máis cós procesos electorais, nos que os políticos aínda non están acostumados a saber que teñen que restrinxir nalgún momento o gasto público. Se foramos más listos ou más intelixentes á hora de face-la Constitución, probablemente fixaramos un límite constitucional ós déficit públicos e probablemente iso obrigara ós políticos a ser moito más esixentes consigo mesmos á hora de gastar. Pero durante moito tempo os economistas dixémoslles maioritariamente, que non se preocuparan do gasto público nin da inflación; que a inflación, dentro do que cabe, é un bálsamo, un aceite que engraxa no ámbito da economía; que non fai falta preocuparse polos déficit públicos, porque os déficit públicos compensan a falta de actividade privada nun momento determinado; que o investimento público sempre é bo, que non importa no que se gaste. En definitiva, o keynesianismo. Esas falacias impuxéronse radicalmente durante decenarios. E en España é o que se aprendeu, o que aprendémo-los economistas cando España se abre ó exterior: que o gasto público era bo, que era positivo. Desgraciadamente, as doutrinas que recibimos, basicamente o keynesianismo, estaban equivocadas e levaron a mante-lo intervencionismo público por outras vías: non co control de prezos e salarios, senón co control diso que se chama a demanda efectiva, ou co mantemento do investimento público, ou co aumento do peso do gasto público no total do PIB.

♦ *D. JESÚS MAGARIÑOS LAFUENTE: Se baseámo-la competitividade nas oscilacións do tipo de cambio, ¿non estaremos con iso esquecendo outros factores como a diferenciación do producto, o investimento en I+D tanto público como privado, o fomento da innovación tecnoloxica, etc.?*

*D. ALBERTO RECARTE:* Non quisen dicir que o tipo de cambio sexa a base da competitividade. Máis ben ó contrario: o tipo de cambio é unha consecuencia da

competitividade. Ninguén pode manexa-lo tipo de cambio nunha situación de liberdade de movemento de mercadorías, servicios e capitais. O que non se pode facer é pretender fixalo nun sentido ou noutro, ou por arriba ou por debaixo do que decida o mercado. Non se pode ter un tipo de cambio para competir máis, nin é posible manter un tipo de cambio cando se deixou de ser competitivo. É un prezo que non hai forma de controlar, nin se debe intentar controlar. Cada tipo de cambio determinado nun momento reflecte o grao de competitividade dunha economía, do grao en que as empresas dun país son competitivas ou non, en relación coas doutros países. É absurdo fixarse nese tipo de cambio para facer algo con el. O determinante é todo o demais.

En relación co tema do investimento, se é mellor investir en capital físico ou en capital humano, pois, depende. Hai momentos nos que é máis productivo o capital físico: facer un investimento. Outras veces é máis rendible investir en formación. Os prezos son os que orientan respecto a se é mellor facer unha cousa ou facer outra. Por exemplo, agora mesmo, para moitas empresas, tendo en conta o nivel de salarios, probablemente sería máis lóxico ter máis empregados e recorta-lo investimento en maquinaria. En relación coas infraestructuras, distingo dentro dos investimentos públicos o que é infraestructura e o que non. Entendo que precisamente o investimento en infraestructuras non se debería parar baixo ningún concepto, sobre todo, por exemplo, en infraestructuras que supoñen o achegamento dun mercado dun tamaño determinado a outros mercados importantes. Paréceme que é evidente e que é a actividade más productiva e a forma de gañar competitividade más rápida que pode ter calquera país. E, obviamente, iso é mellor que gastarse o diñeiro noutras cousas que son de dubidosa rendibilidade. No tema dos parques industriais, desgraciadamente, ¿que é o que ocorre? Temos parques industriais por toda España, nunha acumulación impresionante, porque non hai comunidade ou concello de certo tamaño que non fixera un parque industrial, e hoxe resulta que están en gran parte desocupados. Só en Madrid, en oficinas, sobran arredor de dous millóns de m<sup>2</sup>, é dicir, a demanda de dez anos co país medrando ó 3%. ¿Que é o que ocorreu? Que o investidor, que se atopou cun diñeiro aforrado, se dixo: ¿que fago con el?, ¿vouno meter nunha actividade productiva, nunha empresa que me pode arruinar? Nin falar diso, prefiro unha actividade teoricamente sen risco. Porque como en España había pouco solo, para oferta de oficinas, e alta inflación e o investimento en "pedra" sempre resultara moi satisfactorio, pois investiuse en oficinas e solo urbano, naves e parques industriais. Pero esta vez equivocámonos, porque non hai demanda suficiente. Cada rexión española ten o seu propio problema. Non sei exactamente cáles son os problemas de Galicia. Prefiro falar do que coñezo. Espero que o Partido Popular governe dunha forma diferente a como o fixo o PSOE. Se non o fai, levareime unha terrible desilusión. O único que podo facer, e que fago, é manter uns principios e expresalos publicamente. Creo que é a función que corresponde ós que opinamos en economía e procuramos

mante-la diferencia entre o que é unha opinión técnica e o que é unha opinión política. Ese é o labor dos economistas e intelectuais de toda condición: mante-los principios e tratar de convencer ós políticos, pero sabendo que ós polícitos nunca se lles termina de convencer; que os políticos só actúan por decantación: cando están convencidos os estudiantes, cando están convencidos os xornalistas, cando están convencidas as clases dirixentes do país e as non-dirixentes, cando realmente isto se logrou (niso consiste, en definitiva, a educación), cando se logrou convençer á xente de cáles son os problemas e as alternativas para resolvélos, daquela e só daquela a xeneralidade dos políticos absorben o que hai no ambiente e din: pois, efectivamente, isto é o que queren os cidadáns. Normalmente, os políticos só adoptan políticas revolucionarias, por chamalas así, políticas radicais de transformación, cando se producen situacions excepcionais. Por exemplo, se un país suspende pagamentos, nese momento, o político non ten máis remedio que adoptar decisións nas que xamais, probablemente, pensara, porque non ten máis remedio que saír do atranco da forma que sexa. Pero, fóra destes casos, o labor dos intelectuais ou dos que opinan ou dos que pensan é poñer de manifesto os erros ou as posibles trampas que encerran as soluciones que sempre aparecen como fáciles. Por iso mantéñome nesta liña de non ter interpretacións de política económica. Na medida en que entendo como funciona a economía, expréssoo; e é unha opinión, pero nada máis cá iso.

◆ *D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ TABOADA: No seu discurso destacou vostede a importancia do rigor analítico. Así mesmo, mencionou en más dunha ocasión o seu temor á emerxencia de movementos nacionalistas. ¿Ten este temor algún fundamento analítico?*

*D. ALBERTO RECARTE:* En Europa os nacionalismos leváronnos dunha guerra a outra. O nacionalismo alemán, o desexo de seren tan poderosos como os imperios británico e francés está detrás da creación do imperio alemán a partir de 1871. O desexo de superar, dende un punto de vista militar e de potencia económica, a Inglaterra e a Francia e de ter tantas colonias coma elas, está na orixe dunha gran parte dos problemas europeos. Un tipo de nacionalismo belicoso e depredador, porque esas crenzas se combinan coa de que a única forma que teñen de medra-los países é á custa dos demais; e de que o "pastel", por así dicilo, non pode medrar e que o que non me leve eu o levarán os demais. Daquela, ese nacionalismo, combinado como adoita estalo co proteccionismo, co desexo de arrebatar ós demais o que se considera que teñeninxustamente, produce situacions de violencia, de confrontamento e de pobreza e miseria para todos. Dende ese punto de vista, os nacionalismos non me gustan. De ningún tipo. Se me di que está falando dun nacionalismo que non pretende quitar nada ós demais, que non é proteccionista, que, en definitiva, o que pretende é defender uns costumes e unha cultura propia,

semper que se respecten as persoas, sempre que se respecten as liberdades individuais, os dereitos de propiedade, as separacións de poderes, ben, pois é un nacionalismo co que podería vivir. Pero non me estou referindo a este tipo de nacionalismo. Agora ben, se ese nacionalismo se concreta en que aquí só venden, por falar de Galicia, os galegos e, se hai un concurso público, doullo a unha empresa galega que me demostre que os seus investimentos os fai aquí, e a outra, aínda que teña un prezo máis baixo, non llo dou porque non é galega, senón catalana... Creo que iso o que produce é un empobrecemento xeral de todos, tanto dos galegos como dos cataláns, como dos europeos, como de calquera cidadán do mundo. E desde ese punto de vista, o nacionalismo asústame e paréceme negativo.